| 1ºcurso Primaria | Lingua inglesa | **ALL ABOUT US NOW 1 CLASS BOOK** | 978-01-9407-422-3 | Lingua Inglesa |
| 1ºcurso Primaria | Música | **Non Libro- Contidos Dixitais** | ------------------------- | Lingua Galega |

Covelo, 15 de xuño de 2023

O director,

Asdo.: Juan C. Barbosa Fernández

**MATERIAL** (mercar exclusivamente o que non se teña).

| | |
|---|---|
| **INGLÉS**: | 1 caderno tamaño folio unha pauta. |
| **CADERNOS:** | 1 caderno de dobre pauta (3,5cm) GRANDE / 1 caderno de cuadrícula 5x5 GRANDE. |
| **LAPIS:** | 3 lapis **HB nº 2** staedler noris, 1 afialapis e 2 gomas milan 620. |
| **REGRA:** | 1 regra pequena. |
| **TESOIRA:** | 1 tesoira de punta redonda. |
| **CARPETAS:** | 2 Carpetas tamaño folio con solapas e gomas. |
| **PEGAMENTO:** | 2 barra de pegamento de 40 gr(PRITT) |
| **CERA:** | 1 caixa de ceras duras de 24 cores (plastidecor). |
| | 1 caixa de pinturas de madeira de 12 cores. |
| | 1 caixa de rotuladores grosos de 12 cores. |
| **USB:** | Usb 8 GB |

**- 1 tupper** para a aula.

**- 1 estoxo pequeno** para gardar lapis, gomas, afialapis...

# 2º de Primaria – Curso 2023 – 2024

| Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 36001690C | Denominación do centro: CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ | |
| Enderezo: LAMELA Nº 6 | Concello: COVELO | Provincia: PONTEVEDRA |
| Correo electrónico: ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal | Enderezo Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblanco | Telf/Fax: 886110389 |

## LIBROS QUE DEBEN SER ADQUIRIDOS POLOS PAIS/NAIS

| Curso e etapa | Área Materia | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 2ºcurso Primaria | Ciencias da Natureza | **CIENCIAS DA NATUREZA 2. CONSTRUÍNDO MUNDOS**<br>EDITORIAL SANTILLANA | 978-84-9185-694-8 | Lingua Galega |
| 2ºcurso Primaria | Ciencias Sociais | **CIENCIAS SOCIAIS 2. CONSTRUÍNDO MUNDOS**<br>EDITORIAL SANTILLANA | 978-84-9185-696-2 | Lingua Galega |
| 2ºcurso Primaria | Matemáticas | **MOCHILA LIGERA. CONSTRUYENDO MUNDOS**<br>**CUADERNOS MATEMÁTICAS. CONSTRUYENDO MUNDOS**<br>EDITORIAL SANTILLANA | 978-84-144-0763-9<br>978-84-144-0767-7<br>978-84-144-0765-3<br>978-84-144-0760-8 | Lingua Castelá |
| 2ºcurso Primaria | Lingua Galega | **LINGUA. CONSTRUÍNDO MUNDOS**<br>EDITORIAL SANTILLANA | 978-84-9185-675-7 | Lingua Galega |
| 2ºcurso Primaria | Lingua Castelá | **CUADERNOS LENGUA PAUTA. CONSTRUYENDO MUNDOS**<br>EDITORIAL SANTILLANA | 978-84-144-2490-2<br>978-84-144-2489-6<br>978-84-144-2487-2 | Lingua Castelá |
| 2ºcurso Primaria | Relixión | **Non Libro – Contidos dixitais** | ---------------------- | Lingua Galega |
| 2ºcurso Primaria | Alternativa á Relixión | **Non Libro – Contidos dixitais** | ---------------------- | Lingua Galega |
| 2ºcurso Primaria | Lingua inglesa | **ALL ABOUT US 2. CLASS BOOK PACK** | 978-01-940-7443-8 | Lingua Inglesa |
| 2ºcurso Primaria | Música | **Non Libro – Contidos dixitais** | ------------------------ | Lingua Castelá |

Covelo, 15 de xuño de 2023
O director,

Asdo.: Juan C. Barbosa Fernández

# MATERIAL

NA MEDIDA DO POSIBLE, DÉBESE APROVEITAR O MATERIAL DE ANOS ANTERIORES.

MERCAR EXCLUSIVAMENTE O MATERIAL QUE NON SE TEÑA

| | |
|---|---|
| **INGLÉS:** | 1 caderno tamaño folio unha pauta. |
| **CADERNOS:** | 1 caderno de dobre pauta (3,5cm) GRANDE / 1 caderno de cuadrícula 5x5 GRANDE. |
| **LAPIS:** | 3 lapis **HB nº 2** noris staedler, 2 gomas milan 620 |
| **PEGAMENTO:** | 2 barra de pegamento de 40 gr. (PRITT) |
| **CERAS:** | 1 caixa de ceras duras 24 cores (plastidecor), 1 caixa de pinturas de madeira.<br>1 caixa rotuladores finos. |
| **FUNDAS PLÁSTICO:** | Perforadas  tamaño A4 (3 fundas) |
| **BOLÍGRAFOS:** | Bolígrafo de borrar azul e vermello. |
| **USB:** | USB 8GB |
| **ESTOXO:** | Un estoxo **pequeno** para gardar lapis, goma e bolígrafos. |

**Se o teñen do curso pasado NON hai que mercar.**

**1 Tesoira, 1 regra, 2 carpetas, 1 afialapis con depósito e o taper.**

# 3º de Primaria – Curso 2023 – 2024

| Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 36001690C | Denominación do centro: CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ | |
| Enderezo: LAMELA Nº 6 | Concello: COVELO | Provincia: PONTEVEDRA |
| Correo electrónico: ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal | Enderezo Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblanco | Telf: 886110389 |

## LIBROS QUE DEBEN SER ADQUIRIDOS POLOS PAIS/NAIS

| Curso | Área Materia | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 3º Curso Primaria | Lingua Castelá | **LENGUA CASTELLANA 3º DE PRIMARIA** Construyendo Mundos (SANTILLANA) | 978-84-680-7201-2 | Lingua Castelá |
| 3º Curso Primaria | Matemáticas | **MATEMÁTICAS 3º DE PRIMARIA** Constuyendo Mundos (SANTILLANA) | 978-84-680-7136-7 | Lingua Castelá |
| 3º Curso Primaria | Lingua Galega | **LINGUA 3º DE PRIMARIA** Construindo Mundos (SANTILLANA) | 978-84-9185-409-8 | Lingua Galega |
| 3º Curso Primaria | Lingua Inglesa | **ALL ABOUT US 3. CLASS BOOK** EDITORIAL OXFORD | 978-01-9407-465-0 | Lingua Inglesa |
| 3º Curso Primaria | Lingua Inglesa | **ALL ABOUT US, ACTIVITY BOOK PACK** EDITORIAL OXFORD - **MERCAR** | 978-01-9407-384-4 | Lingua Inglesa |
| 3º Curso Primaria | Educación Musical | **Non Libro – Contidos dixitais** | ---------------------- | Lingua Galega |
| 3º Curso Primaria | Ciencias Sociais | **CIENCIAS SOCIAIS 3º DE PRIMARIA** Construindo Mundos (SANTILLANA) | 978-84-9185-416-6 | Lingua Galega |
| 3º Curso Primaria | Ciencias da Natureza | **CIENCIAS DA NATUREZA 3º DE PRIMARIA** Construindo Mundos (SANTILLANA) | 978-84-9185-410-4 | Lingua Galega |
| 3º Curso Primaria | Alternativa á Relixión | **Proxecto Competencial** **Non Libro – Contidos dixitais** | ---------------------- | Lingua Galega |
| 3º Curso Primaria | Relixión | **Non Libro – Contidos dixitais** | ---------------------- | Lingua Galega |

Covelo 15 de xuño de 2023
O director,

Asdo.: Juan C. Barbosa Fernández

# MATERIAL

NA MEDIDA DO POSIBLE, DÉBESE APROVEITAR O MATERIAL DE ANOS ANTERIORES.
MERCAR EXCLUSIVAMENTE O MATERIAL QUE NON SE TEÑA

**INGLÉS:** 1 caderno grande A4 rayado

**MÚSICA:** 1 frauta de plástico HONNER co nome do alumno/a na funda.
Caderno sinxelo con pentagrama.

**PLÁSTICA:** Bloc traballos manuais premium "LIDERPAPEL" 315X240mm
Pincel de auga de Milan/Pentel ou pincel acuarela nº11/10 ou 9

**CADERNOS:** 4 Cadernos grandes pauta (3,5c/m) / 1 caderno grande cuadriculado

**BOLÍGRAFOS:** 2 Bolígrafos azuis e 1 bolígrafo vermello e negro **de borrar** / 3 Lapis noris staedler **HB 2**/ 1 lapis azul e vermello de 2 lados para subliñar/1 goma milán 620.

**PEGAMENTO:** 1 barra de pegamento de 40 gr. (PRITT).

**PINTURAS:** 1 Caixa de ceras / 1 Caixa de pinturas de madeira / 1 caixa de rotuladores finos.

**REGRAS:** Semicírculo (transportador) e compás.

**USB:** Mínimo 2GB

**So é preciso mercar o que NON se teña. 1 Tesoira, 1 regra 30 cm,**
**1 afialapis, carpetas, arquivador,**
**fundas de plástico de arquivador (min.20), pinturas e papel acuarela (min. 5-6 follas)**
**Agradécese que o material veña con nome.**
**Nota.- Libros 3º e 4º Primaria (fondo solidario do Cole)**

# 4º de Primaria – Curso 2023 - 2024

| Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 36001690C | Denominación do centro: CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ | |
| Enderezo: LAMELA Nº 6 | Concello: COVELO | Provincia: PONTEVEDRA |
| Correo electrónico: ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal | Enderezo Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblanco | Telf: 886110389 |

## LIBROS E CUADERNILLOS QUE DEBEN SER ADQUIRIDOS POLOS PAIS/NAIS

| Curso | Área Materia | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 4º curso Primaria | Lingua Castelá | **4PRI LENGUA Construyendo mundos** SANTILLANA | 978-84-144-0738-7 | Lingua Castelá |
| 4º curso Primaria | Lingua Galega | **4PRI LINGUA Construíndo mundos** OBRADOIRO SANTILLANA | 978-84-9185-705-1 | Lingua Galega |
| 4º curso Primaria | Matemática s | **4PRI MATEMATICAS** Construyendo mundos | 978-84-144-0769-1 | Lingua Castelá |
| 4º curso Primaria | Lingua Inglesa | **"ALL ABOUT US NOW" 4 CLASS BOOK** EDITORIAL OXFORD | 978-019-407-480-3 | Lingua Inglesa |
| 4º curso Primaria | Lingua Inglesa | **"ALL ABOUT US NOW" 4 ACTIVITY BOOK** EDITORIAL OXFORD - **MERCAR** | 978-019-407-390-5 | Lingua Inglesa |
| 4º curso Primaria | Educación Musical | **Non Libro – Contidos dixitais** | ----------------------- | Lingua Galega |
| 4º curso Primaria | Ciencias Naturais | **4PRI CIENCIAS NATURAIS Construíndo mundos** OBRADOIRO SANTILLANA | 978-84-9185-692-4 | Lingua Galega |
| 4º curso Primaria | Ciencias Sociais | **4PRI CIENCIAS SOCIAIS Construíndo mundos** OBRADOIRO SANTILLANA | 978-84-9185-698-6 | Lingua Galega |
| 4º curso Primaria | Relixión | **Non Libro – Contidos Dixitais** | ----------------------- | Lingua Galega |
| 4º curso Primaria | Alternativa á Relixión | **Non Libro – Contidos Dixitais** | ----------------------- | Lingua Galega |

COVELO, 15 de XUÑO de 2023
O director,

Asdo.: Juan C. Barbosa Fernández

# MATERIAL

NA MEDIDA DO POSIBLE, DÉBESE APROVEITAR O MATERIAL DE ANOS ANTERIORES. MERCAR EXCLUSIVAMENTE O MATERIAL QUE NON SE TEÑA

| | |
|---|---|
| **DICIONARIOS:** | Lingua castelá / Lingua galega |
| **INGLÉS:** | 1 caderno grande dunha pauta |
| **MÚSICA:** | 1 frauta de plástico HONNER co nome do alumno/a na funda.<br>Caderno sinxelo con pentagrama. Serve o do curso anterior. |
| **CADERNOS:** | 4 Cadernos grandes dunha pauta / 1 caderno grande cuadriculado. |
| **PEN DRIVE:** | 1USB – 8 Gb |
| **BOLIGRAFOS:** | 1 azul, 1 vermello e 1 negro / 1 lapis, 1 goma e 1 afialapis. |
| **PEGAMENTO:** | 1 barra de pegamento de 40 gr. 1 Tesoira. |
| **PINTURAS:** | 1 Caixa de ceras duras / 1 Caixa de pinturas de madeira ALPINO. 12 rotuladores de cores. |
| **CARPETAS:** | 2 Carpetas de cartón, con solapas e gomas, tamaño folio |
| **REGRAS:** | Escuadra, cartabón, regra, semicírculo e compás |

**Nota.- Libros 3º e 4º Primaria (fondo solidario do Cole)**

# 5º de Primaria – Curso 2023 – 2024

| Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 36001690C | Denominación do centro: CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ | |
| Enderezo: LAMELA Nº 6 | Concello: COVELO | Provincia: PONTEVEDRA |
| Correo electrónico: ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal | Enderezo Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblanco | Telf: 886 110 389 |

**LIBROS QUE DEBEN SER ADQUIRIDOS POLOS PAIS/NAIS**

| Curso | Área Materia | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da Edición |
|---|---|---|---|---|
| 5º curso Primaria | Lingua Castelá | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Castelá |
| 5º curso Primaria | Ciencias da Natureza | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 5º curso Primaria | Ciencias Sociais | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 5º curso Primaria | Matemáticas | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Castelá |
| 5º curso Primaria | Lingua Galega | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 5º curso Primaria | Lingua Inglesa | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Inglesa |
| 5º curso Primaria | Relixión | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 5º curso Primaria | Alternativa á Relixión | PROXECTO COMPETENCIAL<br>PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 5º curso Primaria | Plástica | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 5º curso Primaria | Educación Musical | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |

COVELO 15 de XUÑO de 2023
O director,

Asdo.: Juan C. Barbosa Fernández

# MATERIAL

NA MEDIDA DO POSIBLE, DÉBESE APROVEITAR
O MATERIAL DE ANOS ANTERIORES.
MERCAR EXCLUSIVAMENTE O MATERIAL QUE NON SE TEÑA

| | |
|---|---|
| **DICIONARIOS:** | Lingua Galega |
| | Lingua Castelá |
| **MÚSICA:** | 1 frauta de plástico HONNER co nome do alumno/a na funda |
| | Caderno sinxelo con pentagrama. Serve a do curso pasado. |
| **CADERNOS :** | 3 Cadernos grandes dunha pauta (Lengua, Lingua e Inglés) |
| | 2 Cadernos grande de cuadrícula normal (1-Ciencias da Natureza e 1 Ciencias Sociais) |
| **USB:** | 8 Gb |
| **BOLÍGRAFOS:** | 1 azul, 1 vermello e 1 negro, 1 lapis, 1 goma, 1 afialapis |
| **PEGAMENTO:** | 1 barra de pegamento de 40 gr. 1 tesoira. |
| **PINTURAS:** | 1 Caixa de de ceras duras, rotuladores de cores. |
| **CARPETAS:** | 3 Carpetas de cartón , con solapas e gomas, tamaño folio |
| **REGRAS:** | **Escuadra, cartabón, regra, semicírculo e compás** |

# 6º de Primaria – Curso 2023 – 2024

| Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024 | | |
|---|---|---|
| Código de centro: 36001690C | Denominación do centro: CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ | |
| Enderezo: Rúa Lamela nº 6 | Concello: Covelo | Provincia: Pontevedra |
| Correo electrónico: ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal | Enderezo Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblanco | Telf: 886 110 389 |

**LIBROS QUE DEBEN SER ADQUIRIDOS POLOS PAIS/NAIS**

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 6º curso Primaria | Lingua Castelá | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Castelá |
| 6º curso Primaria | Ciencias da Natureza | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 6º curso Primaria | Ciencias Sociais | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 6º curso Primaria | Matemáticas | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Castelá |
| 6º curso Primaria | Lingua Galega | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 6º curso Primaria | Lingua Inglesa | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Inglesa |
| 6º curso Primaria | Relixión | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Castelá |
| 6º curso Primaria | Alternativa á Relixión | Proxecto Competencial PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Castelá |
| 6º curso Primaria | Plástica | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |
| 6º curso Primaria | Educación Musical | PROXECTO EDIXGAL | ------------------------------ | Lingua Galega |

Covelo 15 de xuño de 2023
O director,

Asdo.: Juan C. Barbosa Fernández

# MATERIAL

## NA MEDIDA DO POSIBLE, DÉBESE APROVEITAR O MATERIAL DE ANOS ANTERIORES

## MERCAR EXCLUSIVAMENTE O MATERIAL QUE NON SE TEÑA

| | |
|---|---|
| **DICIONARIOS:** | Lingua Galega / Lingua Castelá |
| **EDUCACIÓN PLÁSTICA:** | Un caderno de debuxo. Si teñen algún doutro curso pode reutilizarse. |
| **MÚSICA:** | 1 frauta de plástico HONNER co nome do alumno/a na funda |
| | Caderno sinxela con pentagrama. Serve a do curso pasado. |
| **CADERNOS :** | 3 Cadernos grandes 1 pauta (Lengua, Lingua e Inglés) |
| | 3 Cadernos grandes de cuadrícula normal (1-Matemáticas, 1-Ciencias da Natureza e 1 Ciencias Sociais) |
| **PEN DRIVE:** | 1USB – 8 Gb |
| **BOLÍGRAFOS:** | 1 azul, 1 vermello e 1 negro / 1 lapis, 1 goma e 1 afialapis |
| **PEGAMENTO:** | 1 Barra de pegamento de 40 gr 1 tesoira. |
| **PINTURAS:** | 1 caixa de pinturas de madeira ALPINO. |
| **CARPETAS:** | 3 Carpetas de cartón, con solapas e gomas, tamaño folio. |
| **REGRAS:** | Escuadra, cartabón, regra, semicírculo e compás. |

LIBROS DE MÚSICA:

- 1º.- 13 LIBROS
- 2º.- 17 LIBROS
- 3º.- 14 LIBROS
- 4º.- 17 LIBROS
- 5º.- 16 LIBROS
- 6º.- 19 LIBROS



# Plan de lectura

## 2023/2024

## Ceip Antonio Blanco Rodriguez

## 1. Introdución

*A biografía de calquera persoa está tinguida*
*polas súas lecturas, porque dalgún modo somos o que lemos.*
*Maryanne Wolf (2007)*

A lectura é unha das aprendizaxes máis complexas que as persoas realizan; implica a interacción coordinada de sistemas cerebrais visuais, auditivos, motores, cognitivos e de linguaxe por iso, como non pode ser doutro xeito, ocupa un lugar destacado nas aprendizaxes escolares desde os primeiros niveis. Sen embargo, son moitos os alumnos/as que presentan unha baixa competencia lectora, o que inflúe negativamente no resto de aprendizaxes escolares.

A competencia lectora é a capacidade individual para comprender, utilizar e analizar textos escritos co fin de lograr os seus obxectivos persoais, desenvolver os seus coñecementos e posibilidades e participar plenamente na sociedade (OCDE, 2009).

Por tanto, ponse de manifesto a importancia de cinco procesos: a obtención de información, o desenvolvemento dunha comprensión xeral, a elaboración dunha interpretación, a reflexión e valoración sobre o contido do texto e a reflexión e valoración sobre a forma do texto.

Faise preciso favorecer a aprendizaxe da lectura e coñecer as causas que se atopan na base das súas dificultades co propósito de mellorar a súa adquisición desde as primeiras idades até a idade adulta.

Por outra banda temos que ter en conta que se fai imprescindible propiciar que os alumnos/as aprendan a gozar coa lectura e, para iso, debemos inculcarlles as habilidades precisas para darlles esa competencia na mesma. Temos que transmitirlles tamén a necesidade de ter unha actitude reflexiva e crítica ante os medios de transmisión da cultura escrita, tanto en medios dixitais, onde o alumnado pasan hoxe en día gran parte do seu tempo, como en soportes tradicionais.

Actualmente, a tecnoloxía pasou a formar parte do noso modo de vida e debemos atender ao noso alumnado tamén neste campo, inculcándolles a importancia de saber seleccionar, manexar e extraer a información clave dunha forma crítica e rigorosa a través dos soportes dixitais utilizados, o que a día de hoxe se coñece como multialfabetización.

Tendo como referencia estas bases teóricas e seguindo o establecido na *Orde do 26 de maio de 2023,* este centro desenvolverá para cada curso un Plan de Lectura que se modificará cada curso en función das necesidades detectadas e das propostas de mellora feitas na memoria do curso anterior.

## 2.Analise do contexto.

O Centro atópase no Concello de Covelo, comarca da Paradanta e conta con múltiples servizos tales como unha biblioteca municipal, unha variada oferta de actividades municipais de educación, cultura e deporte. O propio Centro escolar que conta cunha crecente biblioteca de libros de lectura que tratamos de incrementar curso a curso.

Segundo as observacións e datos dos mestres titores e dos distintos especialistas podemos dicir que curso tras curso nos atopamos no centro cada vez con máis alumnado que adoece dunha escaseza léxica, con dificultade para comprender as frases, que usa incorrectamente os signos de puntuación, con problemas para realizar uns bos apuntamentos, cunha escritura impersoal ou unha falta de criterios á hora de manter un debate.

O Plan de Lectura a levar a cabo en todos os cursos, tanto de E. Infantil como de E. Primaria, desenvolve as diferentes actividades que se expoñen no mesmo, realizaranse accións destinadas a motivar aos nosos alumnos/as para que atopen na lectura un medio de entretemento e aprendizaxe ademais de mellorar a súa comprensión lectora a través dunha metodoloxía activa e participativa que contará con todos os medios ao alcance do centro. Será tamén labor importante sensibilizar e concienciar ás familias da importancia de colaborar co centro.

## 3.Obxectivos e Indicadores

| Obxectivos | Indicadores de logro |
|---|---|
| 1. Espertar e aumentar o interese do alumno pola lectura. | • Demostra gran motivación pola lectura.<br>• Participa activamente en todas aquelas actividades voluntarias relacionadas coa lectura.<br>• Fai un uso frecuente do servizo de préstamo da biblioteca. |
| 2. Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo. | • Le referentes escritos e dá a coñecer o que entende, tanto de lectura convencional como non convencional.<br>• Expresa coherentemente o que comprende cando se lle le un texto, respondendo preguntas literais.<br>• Le convencionalmente e responde a preguntas literais e inferencias de diferentes textos. |
| 3. Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar. • | • Le textos variados e desenvolve actividades de comprensión literal, inferencial e analóxica.<br>• Comprende textos que teñan diferentes formatos e finalidades. |

| | |
|---|---|
| | • Le e interpreta textos informativos, extraendo a información relevante. |
| 4. Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal. | • Exploran textos e “xogan a ler”. Investigan sobre o contido e características de diversos textos do seu interese para entreterse e informarse.<br>• Dan as súas impresións sobre o lido.<br>• Opinan sobre características e comportamento de persoas, personaxes e sobre feitos presentados nos textos lidos. |
| 5. Fomentar no alumno, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna. | • Obter información literal e interpretar o propósito principal dos textos escritos.<br>• Interpretar información explícita e implícita, e valorar o propósito dos textos escritos.<br>• Valorar de maneira razoada e crítica os contidos e o propósito dos textos escritos pondo en funcionamento coñecementos externos do texto e previos. |
| 6. Profundar no dominio das linguas (castelá e galega) así como nas súas estruturas e destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. | • Recoñece e identifica as características relevantes (históricas, socio-culturais, xeográficas e lingüísticas) das linguas oficiais en España.<br>• Coñece a variedade lingüística de España mostrando respecto e valorando a súa riqueza idiomática.<br>• Le, escribe, comprende e fala en ambas linguas. |
| 7. Desenvolver unha lectura comprensiva, eficaz e fluída. | • Mellora a comprensión lectora practicando a lectura diaria, e participando nas actividades deste plan lector .<br>• Desenvolve un sentido crítico, establecendo e verificando hipótese, sobre textos lidos.<br>• Comprende as ideas principais e secundarias de distintos tipos de texto lidos. |
| 8. Animar á produción propia de textos sinxelos. | • Escribe textos propios do ámbito da vida cotiá seguindo modelos, en diferentes soportes: diarios, cartas, correos electrónicos, etc, coidando a ortografía e a sintaxe, axustándose ás diferentes realidades comunicativa.<br>• Mellora e mostra interese polo uso da lingua desenvolvendo a creatividade e a estética nas súas producións escritas, fomentando un pensamento crítico e evitando unha linguaxe |

| | |
|---|---|
| | discriminatoria.<br>• Coñece e crea textos literarios con sentido estético e creatividade tales como refráns, poemas e outras manifestacións da sabedoría popular, aplicándoos á súa situación persoal. |
| 9. Promover que o profesorado asocie a lectura, a escritura e a comunicación oral e escrita ao desenvolvemento das competencias. | • Expóñense actividades lectorescritoras que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as competencias e habilidades e técnicas instrumentais básicas.<br>• Facilitase a adquisición de novos contidos a través de lecturas previas variadas e motivadoras.<br>• Utilízase o diálogo e o debate como metodoloxía habitual na aula. |
| 10. Transformar a biblioteca escolar nun verdadeiro centro de recursos en diferentes soportes, para o ensino, a aprendizaxe e o goce da lectura. | • Existe un horario flexible que asegura o uso da biblioteca por parte de todas as clases. Nese horario aténdense as necesidades demandadas por cada unha das clases.<br>• Os fondos da biblioteca cobren as necesidades do alumnado de todos os cursos.<br>• O equipo de Biblioteca xunto co equipo docente planifican accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información e dixitais, así como para promover a lectura. |
| 11. Implicar a todos os membros da Comunidade Educativa na creación de hábitos lectores no noso alumnado, facendo partícipes ás familias no intento de relacionar a lectura e a vida diaria ou cotiá, evitando así circunscribila ao ámbito escolar ou educativo. | • Sensibilización das familias acerca da relevancia das aprendizaxes relacionadas coa lectura e a escritura<br>• Uso e aprecio das familias cara á Biblioteca como centro de documentación, lugar de formación e goce.<br>• Ser modelos de bos lectores e contribución a estimular a lectura do alumnado no tempo de lecer. |

## 4. Actividades

1. **Converterse en Booktubers:** podemos animalos a converterse en Booktubers. Para iso terán que ler atentamente o conto e gravarse facendo unha reseña do libro, explicando se lles gustou ou non e mesmo facendo un ranking dos seus momentos/pasaxes/ilustracións favoritas.
2. **Noticieiro de Covelo.** Ao igual que nos booktubers, o alumnado gravarase dando as principais noticias (previamente redactadas) acontecidas no noso cole, favorecendo así a expresión oral.
3. Realización de **xogos** nos que sexa necesario ler para a realización dos mesmos (crucigramas, xogos de pistas, xeroglíficos, formación de palabras, etc). Todas elas dentro do traballo cotián dentro da aula.
4. Polo menos un día á semana **contaranse contos,** nas que uns len a outros ou ben os le a/o profesor/a, fundamentalmente en primeiro ciclo.
5. Actividades de **diferenciación de diferentes tipos de textos** (cartas, noticias, receitas...).
6. **Relacionar imaxes con palabras** Crear fichas con imaxes cos seus respectivos nomes escritos. O alumno/a terá que ler primeiro a palabra e despois relacionala coa súa imaxe correspondente. Pódense facer retos para tentar relacionar o máximo de imaxes e palabras posible nun tempo determinado para engadirlle máis emoción
7. **Inventar o final dun conto.** Ler a historia até pouco antes de chegar ao final e deixar que o neno ou a nena se imaxine como pode acabar ou como lle gustaría que terminase . Tamén practicará as estruturas dun conto e estará máis atento/a que nunca para poder fiar ben a aventura co seu desenlace.
8. Lectura de noticias interesantes en **xornais** e debates sobre a mesma. Especialmente na semana da prensa, na que todos os alumnos/as teñen acceso a diversos xornais e revistas impresas.
9. Participación nos diversos **certames de poesía ou contos** organizados por entidades culturais, (por exemplo no certame de relato curso que convoca a FANPA de Pontevedra).
10. **Decoración e ambientación da clase**, a biblioteca e os corredores con motivos e slogans que animen a ler.
11. **Redacción dun conto** no que o alumnado narre as súas propias experiencias de forma colaborativa.
12. **Contacontos aos máis cativos.** ( Na semana do libro) o alumnado do terceiro ciclo fará lecturas polas aulas aos máis pequenos do cole.
13. **Elaboración do Xornal *A nosa Voz,*** a finais de curso, tal e como se vén facendo nos últimos anos, coas principais novas acontecidas no noso centro ao longo do curso.
14. **Visita de escritores.** En colaboración co Equipo de Biblioteca promoverase esta actividade que achega máis aos alumnos ao mundo da lectura e poden coñecer de primeira man por que o libro foi escrito, curiosidades, e outros aspectos que o escritor poida darlles.
15. **Elaboración de "Os maios",** en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Os maios son coplas xeralmente de 4 versos que riman segundo e cuarto

verso que se elaboran para celebrar a festa co mesmo nome , especialmente na provincia de Ourense; teñen un marcado espírito crítico e de retranca.

16. En **educación infantil** faremos especial fincapé en traballar os **prerrequisitos da lectura:** comprensión oral (oir), expresión oral (falar), interacción oral (dialogar) e conciencia fonolóxica.
17. Elaboración do **Libro viaxeiro,** en Educación Infantil.
18. **Visita á Biblioteca Municipal de Covelo,** animalos a facer o carné de socios.
19. **Visita á oficina de Correos de Covelo** e envío de cartas/postais.
20. **Actividade O Mellor lector en Galego;** continuar con esta actividade que se vén realizando dende fai xa varios cursos e que pretende fomentar a lectura en lingua galega entre o noso alumnado.
21. **Incorporar un proxecto de escritura de centro** no que dende primeiro de primaria ata sexto se establezan unhas pautas e uns obxectivos básicos de escritura, no que a dificultade se vaia incrementando, tanto durante o curso escolar, como segundo se vaia avanzando nos cursos de primaria, acadando ao final da etapa unha adecuada competencia en expresión escrita.

Para o curso **2023/2024** propoñemos a temática **XESTIÓN EMOCIONAL E CONVIVENCIA PACIFICA.** Aquí deixamos algunhas recomendacións:

- **A que sabe a lúa.** Michael Grejniec
- **Las jirafas no pueden bailar.** Giles Andreae
- **Malena Ballena**. David Cali
- **A vaca que puxo un ovo.** Andy Cutbill
- **El granjero y el veterinario .**Pim Lammers
- **A ovelliña que veu cear**. Stevve Smallman
- **O monstro de cores**. Anna Llenas
- **Tengo un volcán.** Miriam Tirado
- **El hilo invisible**. Miriam Tirado.
- **Hoy no juegas.** Pilar Serrano
- **Orellas de mariposa.** Luisa Aguilar
- **Carabuñas.** Margarita del Mazo.
- **Lo quiero todo.** Eloy Moreno.
- **Invisible.** Eloy Moreno.
- **Juntos.** Eloy Moreno
- **Wonder.La lección de August**. R.J.Palacio.
- **El principito.** Antoine de Saint Exuperi.
- **Bullyng**.Coni La Grotteria
- **Nos tratamos bien.** Lucía Serrano
- **Qué necesito cuando me enfado**. Tania Garcia

## 5.Procedemento para o seguimento, avaliación e modificación do Plan.

Durante o desenvolvemento do este Plan en si mesmo e ao final de curso avaliarase continuamente a consecución dos obxectivos que nos propuxemos inicialmente a través

dos indicadores propostos  para cada un dos mesmos. Os resultados obtidos plasmaranse na memoria de fin de curso e servirannos para de base para a formulación e a mellora de Plans de Lectura de cursos sucesivos.

## 6.Relación deste Plan de lectura con outros Plans e programas do Centro

Este Plan de Lectura, complementará aos Plans de biblioteca e de Dinamización da Lingua galega existentes no centro .

Neste curso **2023/2024** este Plan de lectura estará relacionado de xeito especial co Plan de Convivencia.

Coa finalidade de promover a  xeneralización do uso do galego promoverase  que o maior número de actividades posible, no marco deste Plan de Lectura sexan **en lingua galega.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

**EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA**

ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal  htpp://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/










Normalización lingüística

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2022 - 2026

# ÍNDICE:


- ÍNDICE........................................................................................................ PÁXINA 2
- INTRODUCIÓN............................................................................................ PÁXINAS 3-4
- MARCO LEGAL PARA A PLANIFICACIÓN DO PROXECTO................. PÁXINA 4
- ACTUACIÓN DO CENTRO PARA A DINAMIZACIÓN............................ PÁXINA 5
- OBXECTIVOS............................................................................................... PÁXINA 5-6
- POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.................................................. PÁXINAS 6...8
- LINGUA DAS DIFERENTES ÁREAS......................................................... PÁXINAS 8 ...11
- CRITERIOS, ENQUISAS PARA VER A LINGUA PREDOMINANTE...... PÁXINAS 12...14
- MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.............................................................................................. PÁXINA 15
- MEDIDAS PARA FOMENTAR A LINGUA GALEGA NO CENTRO........ PÁXINA 15
- ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DA LINGUA GALEGA.................... PÁXINAS 15...19
- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS..................................................... PÁXINA 20
- ENQUISA DAFO DO NOSO CENTRO...................................................... PÁXINA 21
- AVALIACIÓN DO PROXECTO.................................................................. PÁXINAS 22
- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO...................... PÁXINA 22-23

# CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ




## ▩ 1.- INTRODUCIÓN:

◈ Este novo PROXECTO LINGÜISTICO DE CENTRO 2022-26 substitúe ao anterior proxecto vixente dende 2018-22.

◈ O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego coma lingua propia de Galicia, dispondo que galego e o castelán son os dous idiomas oficiais que todos/as teñen dereito a coñecelas e usalas.

◈ Tal e como se reflicte no *Decreto 79/2010 do 20* de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen en elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. No CAPÍTULO, no Artigo 4º establece os principios do Decreto:

- 1. Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas Linguas oficiais
- 2. Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- 3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
- 4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co fin de contribuír a consecución dos seus obxectivos.
- 5. Promoción de dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

◈ No *CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ* , en Covelo (Pontevedra), somos conscientes do papel fundamental que xoga a nosa institución escolar como axente de recuperación e dinamización de novos galego-falantes. Unha lingua tenderá a desenvolverse máis ou menos na medida que a súa aprendizaxe e a súa práctica teña un valor funcional na estrutura social; polo que consideramos totalmente necesaria unha planificación lingüística activa, deseñada con principios democráticos e consecuentes coa nosa realidade sociolingüística do noso centro e do noso país.

## ▩ 2.- MARCO LEGAL PARA A PLANIFICACIÓN DO PROXECTO:

- **Decreto 79/2010 do 20 de maio** para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro** que se establece o currículo de E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na comunidade autónoma Galicia.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, coma consecuencia dos pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

◈ O Decreto 79/2010 (recollido no DOG do 25/05/2010) desenvolve ademais a *Lei Orgánica de mellora da calidade educativa*. En consecuencia, entre os principios que guían o novo texto figura a adquisición dunha competencia en lingua galega igual ca do castelán, dentro dos límites establecidos para cada etapa educativa, polo que para cumprir coa porcentaxe de igualdade:

◈ En *Educación Infantil escóllese primeiro a lingua dos materiais*, e despois, o profesorado debe facer un uso proporcional do 50% para castelán e galego.

◈ No resto das etapas o galego deberá ter unha presenza horaria semellante ao do castelán. Para cumprir co fixado pola Administración educativa en primaria o ensino será:

- ✓ En galego nas materias de lingua galega, naturais, sociais plástica, música e educación física, xa esixen ao alumnado unha importante capacidade de desenvolvemento textual á hora de realizar exercicios e exames.
- ✓ En lingua castelá daranse as materias de lingua castelá, matemáticas e relixión.

## ▩ 3.- ACTUACIÓN DO CENTRO PARA A DINAMIZACIÓN

O NOSO CENTRO PROMOVE A DINAMIZACIÓN DA LINGUA DO SEGUINTE XEITO:




## ▩ 4.- OBXECTIVOS:

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega nas actividades que se desenvolvan no centro.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na nosa lingua.
- Promover o galego como medio de comunicación dos documentos administrativos que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.

- Valorar a historia e cultura propias.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional e persoeiros relevantes que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar a biblioteca e as aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego para promover o emprego da lingua galega.
- Fomentar o uso das TICS empregando o galego.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente do galego, atendendo a inmersión lingüística do alumnado inmigrante, de darse o caso.
- Implantar hábitos lingüísticos a prol do idioma galego.
- Alcanzar un grao de dominio do galego no persoal docente e non docente, para fomentar o emprego do galego entre a comunidade educativa e fora do centro.
- Cumprir coa normativa vixente de reparto de horas semanais a impartir en galego e castelán, respectando a equidade do 50%.
- Atender dun xeito personalizado a aqueles/as alumnos/as que non teñan un coñecemento correcto da lingua castelá ou galega, para tratar de superar esa situación.
- Non establecer grupos diferentes por mor do coñecemento ou non da lingua galega.
- Procurar que ao final da etapa educativa de Educación Primaria o/a alumno/a adquira unha competencia igualitaria nas dúas linguas.

** *unha ferramenta de gran importancia é A ESCOLA DE PAIS/NAIS DO CENTRO, onde semanalmente se tratan diversos temas, tendo moitos deles unha relación directa cos obxectivos deste departamento*

## ▩ 5.- POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA:

◈ Para asegurar a promoción da lingua galega nos de centros de ensino, o Decreto de plurilingüismo dispón que se establecerá un programa regular de actividades de fomento do galego, con especial atención ao incremento do seu uso nas actividades extraescolares e complementarias.

◈ Tal e como se establece no CAP. III Artigo 15 **Decreto 79/2010 do 20 de maio** para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, para potenciar o uso da lingua galega constituirase un equipo de dinamización, nomeado e supervisado pola dirección do centro no noso colexio de Infantil e Primaria estará formado por:

- Coordinadora do EDLG .......................................... Dª Milagros García Sambréjome
- Coordinadora equipo docente de E. Infantil............. Dª Belén Rivas Araújo
- Coordinadora do equipo docente 1º ciclo Primaria... Dª Paula Martínez Fernández
- Coordinadora do equipo docente 2º ciclo Primaria... Dª Natalia Fernández Rodríguez
- Coordinador do equipo docente 3º ciclo Primaria..... D. Juan Carlos Barbosa Fernández
- Persoal non docente ................................................. D. José Antonio Carballo Cousiño

◈ No deseño e posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega deste proxecto terá un papel determinante o EDLG, que deberá constituírse en todos os centros sostidos con fondos públicos para a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego, contando tamén co apoio e asesoramento necesario da coordinadora territorial dos equipos de dinamización da lingua galega . O coordinador-ra do EDLG participará na comisión que redacte cada catro anos o proxecto. Por outra banda, este coordinador( neste caso coordinadora) terá iguais dereitos administrativos e económicos ca os/as xefes/as dos departamentos.

◈ A coordinadora do EDLG terá as funcións de:

◊ Colaborar na elaboración de proxectos curriculares

◊ Responsabilizarse da redacción das propostas que se leven a CCP

◊ Convocar e presidir as reunións do equipo de dinamización,

◊ Responsabilizarse da redacción das actas da reunión,

◊ Redactar unha memoria final de curso na que se faga constar unha avaliación das actividades realizadas que irá incluída na memoria anual do curso lectivo.

◊ Proporcionarlle aos membros do da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

◈ *A coordinadora territorial* remitiunos os seguintes enlaces de interese que favorecen as iniciativas de fomento da lingua galega:

- Na canle infantil da CRTV acceso *ás curtas Nós tamén creamos* para infantil e primaria: http://www.crtvg.es/infantil/programas/nos-tamen-creamos-2022

- Audiovisuais educativos do Proxector do Consello da Cultura Galega: http://consellodacultura.gal/especiais/proxector/#gsc.tab=0 https://view.genial.ly/631629df338b630018e2c6aa/interactive-content-proxector-a-educacion
- As visitas, virtuais ou presenciais, as actividades e os materiais que, de xeito gratuíto, propón o Museo do Pobo Galego para os centros de ensino. Tedes a súa programación para este primeiro trimestre en: http://www.museodopobo.gal/gl/didactica.
- - Os vídeos da serie *De aquí para alá.* A partir do 14 de setembro, cada mércores estará dispoñible un, na páxina da SXPL: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/novidades/_/contido_1819/aqui-para-ala

# ▩6.- LINGUAS DAS DIFERENTES ÁREAS:

## ◈ ASPECTOS PRINCIPAIS PARA ESTABLECER AS ÁREAS:

● Os centros teñen autonomía para xestionar o reparto de outras materias para ser impartidas en castelán ou en galego, co fin de garantir o equilibrio das dúas linguas vehiculares.

● O equipo de normalización, unha vez constituído, deseñará e porá en práctica o proxecto.

● A SXPL (Secretaría Xeral de Política lingüística) coordinará o labor dos equipos de dinamización, difundirá as súas experiencias e ofrecerá asesoramento técnico.

● A Consellería de Educación establecerá un plan de formación que garanta a competencia en galego do persoal dos centros educativos.

## ◈ CRITERIOS PARAESTABLECER AS LINGUAS DAS DIFERENTES ÁREAS:

● *En educación infantil* utilizarase o galego como lingua vehicular, cando esta sexa a lingua maioritaria do alumnado; cando non o sexa, o profesorado procurará que todos-as nenos-as adquiran o coñecemento da lingua propia de Galicia, atendendo aos non galegofalantes de xeito individualizado.

.-Ao comezo de cada curso en Infantil 3 anos realízase unha enquisa no prazo establecido de matriculación. Este ano do 1 ao 20 de marzo no momento de matricular aos nenos-as nesa enquisa para determinar o emprego do galego ou castelán como lingua materna deu coma resultado 5 en castelán e 7 en galego. Dentro da competencia que lle corresponde ao centro impartiranse as materias nas dúas linguas para garantir o equilibrio..

● *En educación primaria* o novo currículo recollido no Decreto 155/2022 , do 15 de setembro, para garantir o equilibrio das dúas linguas,, ampáranse no Capítulo III, Artigo 6 punto 3 do Decreto 79/2010

(recollido no DOG do 25/05/2010) onde establece que o galego é lingua vehicular as materias de naturais e sociais, e matemáticas será en castelán.

▫ Para garantir o equilibrio entre o galego e o castelán no claustro celebrado o 26 de outubro de 2021 acordouse impartir en lingua galega as áreas de E. Artística (plástica e Música), Relixión e Educación en Valores. Impartiranse en castelán as áreas de Educación Física.

▫ Neste curso 2022-23 no que teñen que convivir LOMCE (2º-4º.6º) con LOMLOE(1º-3º-5º) había un pequeno desaxuste nas horas para manter o equilibrio. No claustro celebrado o día....................................... acordouse que se seguirá dando plástica en galego nos cursos 1º-2º-4º e en 3º-5º-6º pasará a darse plástica en castelán.

| **REPARTO DAS ÁREAS EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA CURSO 2022-23(LOMCE -LOMLOE)** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MATERIAS-ÁREAS** | **CURSOS PRIMARIA** | | | | | |
| | **1ºP** | **2ºP** | **3ºP** | **4ºP** | **5ºP** | **6ºP** |
| **◈ LINGUA CASTELÁ** | | | | | | |
| **◊ MATEMÁTICAS** | 5 | 5 | 4 | 5 | 4 | 5 |
| **◊ LINGUA CASTELÁ** | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 3 |
| **◊ E. FÍSICA** | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| **TOTAL:** | **11** | **11** | **10** | **11** | **10** | **10** |
| **◈ LINGUA GALEGA:** | | | | | | |
| **◊ GALEGO** | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| **◊ NATURAIS** | 3 | 2 | 3 | 2 | 3 | 2 |
| **◊ SOCIAIS** | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 3 |
| **◊ PLÁSTICA** | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **◊ MÚSICA** | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **◊ RELIXIÓN – VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**<br>**◊ 3º RELIXIÓN – PROXECTO COMPETENCIAL** | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **TOTAL:** | **12** | **12** | **12** | **11** | **12** | **12** |

| **REPARTO DAS ÁREAS EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA CURSO 2022-23(LOMCE -LOMLOE)** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MATERIAS-ÁREAS** | **CURSOS PRIMARIA** | | | | | |
| | **1ºP** | **2ºP** | **3ºP** | **4ºP** | **5ºP** | **6ºP** |
| **◈ LINGUA CASTELÁ** | | | | | | |
| **◊ MATEMÁTICAS** | 5 | 5 | 4 | 5 | 4 | 5 |
| **◊ LINGUA CASTELÁ** | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 3 |
| **◊ E. FÍSICA** | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| **◊ PLÁSTICA en 3º - 5º- 6º** | | | 1 | | 1 | 1 |
| **TOTAL:** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** |
| **◈ LINGUA GALEGA:** | | | | | | |
| **◊ GALEGO** | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| **◊ NATURAIS** | 3 | 2 | 3 | 2 | 3 | 2 |
| **◊ SOCIAIS** | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 3 |
| **◊ PLÁSTICA en 1º - 2º - 4º** | 1 | 1 | | 1 | | |
| **◊ MÚSICA** | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **◊ RELIXIÓN – VALORES SOCIAIS E CÍVICOS<br>◊ 3º RELIXIÓN – PROXECTO COMPETENCIAL** | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **TOTAL:** | **12** | **12** | **11** | **11** | **11** | **11** |

▫ No vindeiro curso 2023 - 24 cando xa estea completamente establecida a LOMLOE en toda primaria, volvemos a ter un pequeno desaxuste en 4º de primaria porque quedarían 10 horas en castelán e 12 en galego, polo que para garantir o equilibrio pasaría plástica de 4º a castelán , manténdose en galego no resto dos cursos, co que xa teriamos de novo o equilibrio de ámbalas dúas linguas.

▫ Na páxina seguinte pódese visualizar e situación anterior:

| REPARTO DAS ÁREAS EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA CURSO 23-24 *SEN CAMBIO PLASTICA 4º | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MATERIAS-ÁREAS | CURSOS PRIMARIA | | | | | |
| | 2ºP LOMCE | 2ºP LOMLOE | 4ººP LOMCE | 4ºP LOMLOE | 6ººP LOMCE | 6ºP LOMLOE |
| ◈ LINGUA CASTELÁ | | | | | | |
| ◊ MATEMÁTICAS | 5 | 5 | 5 | 4 | 5 | 4 |
| ◊ LINGUA CASTELÁ | 4 | 4 | 4 | 4 | 3 | 4 |
| ◊ E. FÍSICA | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| ◊ PLÁSTICA | | | | | 1 | 1 |
| TOTAL: | 11 | 11 | 11 | 10 | 11 | 11 |
| ◈ LINGUA GALEGA: | | | | | | |
| ◊ GALEGO | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| ◊ NATURAIS | 2 | 2 | 2 | 2 | 3 | 2 |
| ◊ SOCIAIS | 2 | 3 | 2 | 3 | 2 | 2 |
| ◊ PLÁSTICA | 1 | 1 | 1 | *1 | | |
| ◊ MÚSICA | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| RELIXIÓN/ PROXECTO COMPETENCIAL | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| EDUC.VALORES CÍVICOS E ÉTICOS | | | | | | 1 |
| TOTAL: | 12 | 12 | 11 | 12 | 11 | 11 |

| REPARTO DAS ÁREAS EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA CURSO 23-24 *CON CAMBIO PLASTICA 4º | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MATERIAS-ÁREAS | CURSOS PRIMARIA | | | | | |
| | 2ºP LOMCE | 2ºP LOMLOE | 4ººP LOMCE | 4ºP LOMLOE | 6ººP LOMCE | 6ºP LOMLOE |
| ◈ LINGUA CASTELÁ | | | | | | |
| ◊ MATEMÁTICAS | 5 | 5 | 5 | 4 | 5 | 4 |
| ◊ LINGUA CASTELÁ | 4 | 4 | 4 | 4 | 3 | 4 |
| ◊ E. FÍSICA | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| ◊ PLÁSTICA | | | | *1 | 1 | 1 |
| TOTAL: | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 |
| ◈ LINGUA GALEGA: | | | | | | |
| ◊ GALEGO | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| ◊ NATURAIS | 2 | 2 | 2 | 2 | 3 | 2 |
| ◊ SOCIAIS | 2 | 3 | 2 | 3 | 2 | 2 |
| ◊ PLÁSTICA | 1 | 1 | 1 | * | | |
| ◊ MÚSICA | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| RELIXIÓN/ PROXECTO COMPETENCIAL | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| EDUC.VALORES CÍVICOS E ÉTICOS | | | | | | 1 |
| TOTAL: | 12 | 12 | 11 | 11 | 11 | 11 |

## ▩7.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA DOMINANTE:

◈ Os criterios que temos en conta para determinar a lingua predominante do alumnado do centro son tres:

◈ **MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO DE COVELO**:







● O concello de Covelo (Pontevedra) forma parte da Comarca do Paradanta, xunto cos concellos de Crecente, Arbo e A Cañiza. Esta Comarca limita ao Norte coa Comarca de Vigo, ao Nordeste e Este coa e coa provincia de Ourense, ao Sur con Portugal por medio do río Miño e ao Oeste coa Comarca do Condado.

Ten unha superficie de 124 quilómetros cadrados, nos cales reside unha poboación de 2455 habitantes aproximadamente(actualizado no último censo de 2021), repartidos en 14 parroquias, cunha densidade de poboación de 16 habitantes por quilómetro cadrado aproximadamente.

● A pirámide de poboación presenta un progresivo envellecemento pola falta de traballo para os seus habitantes. Isto provoca unha gran emigración a Ponteareas e Vigo principalmente.

● A porcentaxe de fala do en galego non é favorable, tendo en conta que nos atopamos nun medio rural. Esta situación vese agravada entre a poboación máis nova, que empregan minoritariamente a lingua galega o que provoca que cada vez a porcentaxe de alumnos castelán falantes sexa maior.

◈ **ENTREVISTA REALIZADA AOS PAIS-NAIS DE NOVA MATRICULACIÓN**:

● Esta entrevista lévase acabo sempre no prazo aberto de matriculación, con respecto ás novas matrículas. Teñen relevancia os cuestionarios cubertos polos pais/nais dos novos alumnos/as de E. Infantil 2º ciclo - 3 anos, xa que aínda que non sexa vinculante actúa como un elemento máis a ter en conta na determinación da lingua vehicular ao longo de todo o 2º ciclo de infantil.

◈ **ENQUISA REALIZADA AO ALUMNADO/PAIS-NAIS**: *****pendente da enquisa

● No presente curso escolar, coincidindo co novo Proxecto Lingüístico de Centro realizamos unha actualización dos datos referentes do uso do galego por parte da comunidade educativa. Para tal fin elaborouse unha enquisa por parte do EDLG co fin de obter datos concretos do emprego la lingua galega por parte do alumnado seguindo estes catro parámetros: idioma empregado coa familia, idioma empregado co profesorado, idioma empregado cos amigos/as e idioma empregado coa administración

● E enquisa realizouse do 5 ao 11 de outubro entregándose aos titores na reunión da CCP, para repartir nas súas titorías.

● A enquisa tivo en todo momento carácter voluntario e anónimo, participando a totalidade do alumnado do centro 118 alumnos/as.

● Unha vez realizada e despois da análise dos datos obtidos, chegamos a seguintes conclusións:

◊ A desvantaxe que sofre o galego con respecto ao castelán é evidente nesta enquisa.

◊ Se analizamos con atención as respostas observaremos que no fogar hai unha certa equidade a hora de utilizar os dous idiomas por igual, cando se dirixen ao fillo/a o apartado do castelán colle vantaxe sobre o galego.

◊ Son moi significativas as respostas sobre o idioma no que aprendeu a falar o neno/a e a lingua na que le o neno/a nas horas de lecer.

◊ O mesmo ocorre a medida que nos afastamos do ámbito familiar, os prexuízos con respecto ao galego medran cando se emprega unha linguaxe máis formal ou nos diriximos a unha administración para arranxar calquera trámite burocrático.

◊ Os mestres/as, como parte desta Comunidade Educativa, debemos empregar tódalas ferramentas dispoñibles para lograr *unha discriminación positiva en prol do galego*, se contamos co apoio imprescindible da Administración, pais/nais e Institucións en xeral.

◊ Os resultados da enquisa van na seguinte páxina:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

**EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA**

ceip.antonio.blanco@edu.xunta.gal ☐ htpp://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/

▩ *ENQUISA* a realizar do *5 ao 11 de outubro*, coa finalidade de actualizar os datos referentes ao uso do GALEGO na Comunidade Educativa deste Centro.

◊ A enquisa será de carácter voluntario e anónimo.

◊ Os resultados obtidos aparecerán reflectidos nun apartado específico do ***novo Proxecto Lingüístico de Centro*** que temos que elaborar neste curso, co fin de valorar a realidade actual do galego con respecto ao castelán na nosa comunidade educativa.

| **EMPREGO DO GALEGO /CASTELÁN**<br>*Pode marcar as dúas opcións se é o caso. | **Galego** | **Castelán** | **Ambos** | ****NS/NC** |
|---|---|---|---|---|
| ☐ Cal é a lingua empregada dentro do ámbito de comunicación familiar? | | | | |
| ☐ cando se comunica co seu fillo/a en que idioma o fai? | | | | |
| ☐ Que lingua emprega o neno/a habitualmente para comunicarse? | | | | |
| ☐ En que lingua aprendeu a falar o neno/a? | | | | |
| ☐ En que lingua le o neno/a, sen contar os libros de texto? | | | | |
| ☐ A nivel persoal, en que lingua lle gustaría que se dirixisen ao seu fillo/a no colexio? | | | | |
| ☐ Cando vostede se comunica nun organismo público: centro de saúde, banco, comercios, concello, colexio...en que lingua o fai habitualmente? | | | | |

***NS/NC Non sabe / non contesta***

| | **SI** | **NON** | **NS/NC** |
|---|---|---|---|
| ☐ Considera que o algo debería ter máis presenza na escola? | | | |
| ☐ Non ten problemas para entender perfectamente o galego oral e escrito? | | | |

# ▩8.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS:

◊ As medidas adoptadas para o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega, para que poda acadar a competencia lingüística son coordinadas polo Departamento de Orientación do centro, a Orientadora establecera o tipo de apoio que deben recibir, ven, cun apoio significativo a nivel de titoría nos casos de menor dificultade, reforzos, apoio de A.L., podendo chegar a unha Adaptación Curricular nas situacións de maior dificultade, cando se dera o caso de esgotar todas as medidas posibles e o alumno/a sexa repetidor dun curso.

# ▩9.- MEDIDAS PARA FOMENTAR A LINGUA GALEGA NO CENTRO

● Utilizarase o galego con carácter xeral en:

- ✓ O centro usa lingua galega para a elaboración dos diferentes documentos oficiais, impresos, comunicacións , notas informativas...
- ✓ Nos Claustros, Consellos Escolares, Departamentos, Ciclos
- ✓ Para a comunicación entre o profesorado
- ✓ Para a comunicación entre o profesorado coas pais/nais e o persoal non docente
- ✓ Outros ámbitos no s que se fomenta o uso do galego son; carteis publicitarios, exposicións, traballos e murais do alumnado, en celebracións, festas, actividades extraescolares , cancións, festivais..

# ▩10.- ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DA LINGUA GALEGA

❖ As principais actividades que temos previsto desenvolver a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), como mínimo nestes catro cursos escolares que terá vixencia o presente Proxecto Lingüístico son:

- *1. Calendario anual de Covelo:* O Equipo de Dinamización da Lingua elaborará un calendario con diversas imaxes nas que aparecerán unha recompilación de ditos populares referentes a cada mes do ano.
  - ➢ *2. Lector do mes en lingua galega* : O EDLG en colaboración coa *biblioteca escolar* seguiremos desenvolvendo un protocolo de actuación para potenciar a lectura e a fala en galego. Neste proceso contamos coa colaboración de tódalas titorías.
- 3. *Posta en marcha de diversas actividades* a realizar nos diferentes festivais que se desenvolvan ao longo do curso académico.

- 4. *Cancións en galego*, na medida do posible, para os diferentes festivais desenvolvidos no curso escolar.
- 5. *Celebración do Samaín* para recuperar esta tradición con diversas actividades a nivel de aula na que os nenos/as terán que resolver unhas pistas que os leven a diferentes lugares do centro onde se atopan os monstros acochados. Esta actividade leva por nome *Na procura dos monstros.* Nesa data o alumnado que o desexe poderá vir disfrazados.
- 6. *Concurso de cabazas*: Esta actividade garda relación co Samaín, é una actividade na que intentamos implicar ás familias na elaboración de cabazas axudando aos seus fillos. Estarán expostas todo o día lectivo, o EDL escollerá unha por curso entregando os agasallos no festival de Nadal.
- 7. *Magosto*: O colexio ten arraigada a costume de celebrar o magosto tódolos anos participando o alumnado e profesorado. Hai xogos tradicionais galegos e se cantan cancións típicas do magosto.
- 8. *Recollida e exposición de cogomelos*: Os/as alumnos/as de 4º -5º e 6º saen ao monte acompañados dos seus titores-as e dos técnicos da asociación micolóxica *asociación para o desenvolvemento para o Alto Tea Covelo Natural* , co fin de recoñecer e recoller cogomelos propios da contorna. Esta asociación ten unha charla previa co alumnado e lles da as instrucións de como farán a recollida, de regreso ao centro fan unha catalogación e exposición nun mesado ao carón de dirección.
- 9. *Conmemoración do día internacional contra a violencia de xénero*: O departamento de Orientación desenvolve unha actividade, murais... coa colaboración das diversas titorías de Infantil e Primaria.
- 10. *Celebración do día do mestre-a*: O 27 de novembro celébrase esta conmemoración. O alumnado participa nun concurso a nivel de centro, facendo unha reflexión sobre a súa figurado seguinte xeito:

  ◈ Infantil e 1º - 2º de Primaria realizarán un debuxo con referencia ao tema e, segundo o nivel, poderán incluír un pequeno texto.

  ◈ 3º - 4º - 5º e 6º farán a súa reflexión en forma de redacción.

  ◈ Haberá un agasallo por curso para os mellores traballos que se entregarán no festival de Nadal.

- 11. *Celebración do Nadal*: Durante o mes de decembro desenvólvense diversas actividades que son moi motivadoras para o alumnado:

  ◈ Ornamento do colexio, coa colocación dun nacemento de plastilina feito polo alumnado e unha árbore na que cada curso colaborará cun adorno diferente feito na súa aula.

  ◈ *Concurso de postais de Nadal en galego*: Cada alumno realiza unha postal na que poden empregar todo tipo de materiais, cun formato determinado. Os/as alumnos/as de 5º e 6º elaborarán as postais en formato dixital. O equipo de dinamización escollerá as postais gañadoras, unha por aula, que se

colocarán no comedor nun lugar habilitado para este fin. Os premios entregáranse no festival de Nadal.

◈ *Festival de Nadal*: O alumnado ven por titorías ou ciclo preparan diversas actuacións para o festival, en música tamén preparan algunha panxoliña e diversas actuacións.

- 12. *Conmemoración do Día da Paz* : Realízanse diversas actividades acordadas na reunión da CCP, sempre son en galego.
- 13. *Celebración do Entroido*: Toda a comunidade educativa participa na preparación:

◈ Nas aulas, a nivel de ciclo preparan os disfraces, tras o acordo na CCP, que poden ir relacionados cunha temática concreta. O centro encárgase de mercar o necesario para a actividade.

◈ Os alumnos de Infantil celebran o xoves de compadres e xoves de comadres nas pistas do centro.

◈ Na semana do Entroido alumnado e profesorado teñen que vir ao centro seguindo as ordes do *meco*.

◈ Toda a comunidade escolar participa nun desfile (profesorado e alumnado cos disfraces elaborados nas titorías) por diversas rúas do pobo, visitando a residencia gediátrica, Concello e praza do Mestre Cerviño; o Concello e protección civil colaboran na seguridade e control de tráfico. Posteriormente no patio do colexio se procede a lectura do pregón e a queima do meco, toda a comunidade educativa está convidada.

- 14 *Conmemoración do día da muller traballadora*: Desenvólvense diversas actividades acordadas na reunión da CCP, sempre en galego.
- 15. *Conmemoración da semana da prensa*: Durante esa semana no mesado ao carón de dirección haberá eses días diversos xornais e revistas en galego e castelán para traballar nas aulas. Un día desa semana se traballará nas titorías cos xornais. Na reunión de CCP se acorda o desenvolvemento da mesma.
- *16. Elaboración de coplas dos maios*, que se lerán no festival das Letras Galegas, contará coa participación do alumnado criticando distintos elementos da sociedade en forma de sátira, sempre gardando formas de respecto das persoas as que se critica. Pódese facer un maio se se dan os condicións de dispoñibilidade.
- 17. *Conmemoración da semana das Letras Galegas*: Traballamos esta conmemoración dende una tripla vertente:

◈ Todo o alumnado participa no concurso *das letras galegas*, procurando que estea relacionado coa persoa homenaxeada ese ano, 2023 será Francisco Fernández de Riego.

- ✓ E. Infantil e Primaria realizan un debuxo.
- ✓ 3º, 4º, 5º e 6º realizarán un pequeno traballo.
- ✓ Seleccionarase un gañador-a por aula, que recibirá un libro en galego de agasallo.

◈ *Festival das Letras Galegas*: desenvólvese un festival con diversas actuacións do alumnado

Empregando a lingua galega.

◈ *Olimpíadas das Letras Galegas*: O noso centro leva a tradición desta xornada deportiva coa participación de todo o alumnado dende fai moitos anos, soamente nos se puideron celebrar pola situación xerada polo COVID-19 ( nos anos 2020 e 2021), neste curso 2022 celebrouse dunha maneira máis sinxela, pero esperamos retomar a celebración coas XVII olimpíadas escolares. O alumnado participa por equipos, cunha mestura de alumnos de distintas idades. Os capitáns-capitanas son os encargados-as de formar os equipos. Participan en diversas probas, tendo por uniforme unha camiseta conmemorativa, cunha cor diferente para cada equipo. Os vencedores reciben un diploma no festival de final de curso.

- 18. *Elaboración do xornal escolar A NOSA VOZ*: Este xornal é completamente en galego, con diversas seccións escollidas polas titorías na reunión da CCP. Aproximadamente na primeira quincena do mes de xuño súbese a páx. Web do colexio: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/
- 19. *Participación no Programa Xogade do PLAN PROXECTA*: Participan en distintas actividades ao longo do curso escolar con diferentes centros educativos.
- 20. *Programación de visitas e excursións*:
  - ➢ Ao longo do curso escolar desenvólvense diversas saídas que van xurdindo ao longo do curso, coa finalidade de coñecer, valorar e potenciar o uso da lingua galega.
  - ➢ Tamén se realizan as excursións lúdicas de fin de curso por ciclos.
  - ➢ Os/as alumnos/as de 6º teñen a viaxe de fin de curso que financian en parte cos cartos obtidos pola venta da lotería de Nadal e diversos produtos. Na viaxe irán acompañados por unha profesora e un profesor, sendo un deles o titor – titora.
- *21. Actividades de fin de curso*:
  - ❖ É un día completamente lúdico, con múltiples actividades e xogos para o alumnado.
  - ❖ Tamén se celebra o festival de fin de curso, ao que está invitado toda a comunidade educativa. Hai actuacións diversas e entrega dos agasallos das Letras Galegas.
  - ❖ Xantar conxunto na terraza do colexio do alumnado, pais/nais e profesorado.
- *O centro conta cunha sección específica do EDLG na súa páxina WEB*, para informar e publicar as actividades desenvolvidas: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantonioblanco/
- *Participación de toda a comunidade escolar nas actividades, destacando o papel da ANPA*, que colabora activamente no desenvolvemento de actividades como Nadal, Entroido, excursións, actividades fin de curso...
- *Tamén contamos coa colaboración activa do noso Concello.*


EXCURSIÓNS
SAÍDAS
VISITAS A...
COLE DE COVELO
BIBLIOTECA:
LECTOR
DO MES
¡SAMAÍN
CONCURSO CABAZAS
25N
NON Á VIOLENCIA
DE XÉNERO
DÍA D@ MESTR@
RECOLLIDA
EXPOSICIÓN
COGOMELOS
O
MAGOSTO
ACTIVIDADES
DINAMIZADORAS
DA LINGUA
GALEGA
FESTIVAL
CHEGA O NADAL
CONCURSO
POSTAIS
DÍA DA PAZ
ENTROIDO
SEMANA
DO LIBRO
CONMEMORACIÓNS
SEMANA DA PRENSA
PRENSA
XORNAL
"A NOSA VOZ"
SEMANA
DAS
LETRAS
GALEGAS
FESTIVAL - OLIMPÍADAS
FIN DE CURSO ACTIVIDADES EXCURSIÓN 6º

# ▩11.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

❖ RECURSOS HUMANOS:

- O *profesorado* do centro
- No noso centro contamos cun *asesor ADIX*, que forma parte da *Rede Galega de Educación Dixital*, sendo tamén un mentor ADIX da área de Vigo. Entre as súas funcións destaca a posta en marcha do Plan Dixital dos centros educativos da súa área de influencia.
- Contamos coa colaboración de:
  - ✓ SXPL (Secretaría Xeral de Política Lingüística), a través da coordinadora territorial dos EDLG da provincia de Pontevedra para proporcionar apoio técnico e información de iniciativas de dinamización.
  - ✓ Colaboración con outros centros educativos no *programa xogade DO PLAN PROXECTA.*
  - ✓ Apoio da ANPA
  - ✓ Apoio do Concello de Covelo

❖ RECURSOS MATERIAIS QUE FOMENTEN O GALEGO:

- Biblioteca escolar, moi completa con libros de temática variada e diversos materiais lúdicos así como material achegado por distintas institucións sobre a promoción da lingua galega. A biblioteca desenvolve diversas actividades ao longo do curso escolar que gardan relación con conmemoracións. Para o fomento da lectura en galego entréganse diplomas ao mellor lector de cada mes de Infantil e Primaria.
- Bibliotecas propias de aula.
- Diversos murais e ilustracións a prol do galego
- Conexión a Internet en todo o centro
- Todo o alumnado de primaria ten ordenador propio nas súas aulas.
- Equipamento variado de audiovisuais
- Aula de informática de 12 ordenadores en funcionamento, sendo un recurso moi empregado polo alumnado de E. Infantil.
- Na aula de informática tamén co equipamento para desenvolver *as clases de metaverso*, que introduce ao alumnado e profesorado na realidade virtual.

## ▩12.- ENQUISA DAFO AO PROFESORADO

| FACTORES NEGATIVOS | FACTORES INTERNOS | | FACTORES POSITIVOS |
|---|---|---|---|
| | **DEBILIDADES** | **FORTALEZAS** | |
| | | | |
| | **AMEAZAS** | **OPORTUNIDADES** | |
| | | | |
| | **FACTORES EXTERNOS** | | |

**ENQUISA ANÁLISIS DAFO - PROFESORADO**

## ▩13.- AVALIACIÓN DO PROXECTO

◈ O Decreto 79/2010 de 20 de maio , para o plurilingüismo establece que o do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) debe ser aprobado e avaliado polo Consello escolar (CAP: III; Art.14-punto 2).

- ✓ Previamente realizaremos unha valoración do PLC para 2022-26 nunha reunión da comisión de coordinación pedagóxica.
- ✓ Na reunión de claustro debateremos as valoracións do PLC, coas conclusións resultantes expoñerase o Proxecto no Consello Escolar para a súa aprobación.

◈ Unha vez aprobado remitirase ao Servicio de Inspección Educativa.

◈ Anualmente elaborarase unha ADDENDA do Proxecto, tal e como establece CAP: III; Art.14-punto 4.

## ▩14.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- Anualmente elaborarase unha ADDENDA do PLC na cal debe constar:
  - ✓ Os resultados da pregunta aos pais/nais, titores/as ou representantes legais, para obter información respecto a lingua materna predominante no alumnado, no momento da matriculación do 2º Ciclo de Infantil – 3 anos.
  - ✓ Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
  - ✓ Información e valoración dos programas de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

● *Con este PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO DO CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ* se pretende fortalecer, dinamizar e ampliar o uso da lingua Galega entre tod@s compoñentes da nosa comunidade educativa.

**● O presente PLC foi aprobado polo Claustro e Consello Escolar do Centro na reunión ordinaria celebrada o......................................................................**

En representación da comisión do profesorado

A Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Asdo: Milagros García Sambréijome

Vto e Prace

O Director

Asdo: Juan Carlos Barbosa Fernández

# CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 2023/2024

**CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ**

**INDICE**

**1. Xustificación baseada no contexto. Px.3**

**2. Identificación e valoración das necesidades. Px.3**

**3. Determinación dos obxectivos.**

**4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención ádiversidade. Px.4**

**5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas. Px 5**

**6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro. Px 6**

**7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición. Px 6**

**8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro. Px 6**

**9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias. Px 7**

**10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan. Px 7**

## 1. Xustificación baseada no contexto.

O Centro atópase no concello de Covelo que abrangue tódalas localidades do mesmo ademais das Mouriscado e Meirol, pertencentes a o Concello de Mondariz.
Trátase dunha zona rural non demasiado desenrolada industrialmente e economicamente. A falta de industria motiva que moita xente emigre ben ao estranxeiro, ben a outras poboacións , polo que unha boa parte do alumnado viven en ambientes familiares non convencionais. Nos últimos anos vense observando un retorno progresivo de poboación que repercute nun incremento de matrícula. A maioría dos alumnos/as, agás excepcións, asisten regularmente ao Centro.
Presentan os seguintes rasgos ou características:

- Proceden de familias cun nivel cultural medio.
- O seu poder económico é medio-baixo.

Resulta en ocasións difícil motivar aos alumnos/as, xa que existe, unha certa porcentaxe do alumnado cunha carencia de interese por aprender. Desde un punto de vista afectivo, unha porcentaxe significativa procede dun ambiente familiar que presente algún tipo de carencia. O interese das familias, polo rendemento académico dos seus fillos/as, é cada vez maior.

## 2. Identificación e valoración das necesidades.

A nivel xeral as principais dificultades que nos atopamos no noso centro están relacionadas cos hábitos de traballo así como dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas. Poderíase dicir que existe unha relación directa entre estes dous factores sendo o principal foco de traballo ao longo do presente curso.
Neste apartado temos que destacar as continuas flutuacións de alumnos que precisan axuda dun xeito intermitente ao longo da súa permanencia no centro. A actuación sobre estas dificultades terá un carácter preventivo e integrador traballándose de xeito conxunto e progresivo. Para levar a cabo esta atención será preciso contar coa participación de todo o profesorado, o cal deberá establecer unha liña de traballo común que permita a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe e permita asentar unhas bases sólidas para diminuír as dificultades que atopamos no centro a nivel xeral.
Ademáis das necesidades a nivel xeral que mencionamos no punto anterior debemos destacar de xeito específico a aquel alumnado que precisa dunha intervención educativa máis individualizada ou que precisa dunha atención e un seguimento máis polo miúdo. Ao igual que no caso anterior pódense dar flutuacións no alumnado ao longo do curso.

| Nº Alumnos | Etapa | Nivel | M.A.D. | Aula |
|---|---|---|---|---|
| 40 | EI | 4º, 5º e 6º | P.E.L.O. | Ordinaria |
| 1 | EI | 4º E.I. | Auxiliar Técnico Coidadora/ AL | Ordinaria |
| 3 | EI | 5º E.I. | AL | Ordinaria/ AL |
| 1 | EI | 6º E.I. | PT/AL | PT/AL |
| 1 | EP | 2º E.P. | AL | AL |
| 1 | EP | 2º E.P. | PT/AL | PT/AL/Ordinaria |
| 1 | EP | 3º E.P. | PT/AL/Aux.Técnico Coidadora | PT/AL/Ordinaria |
| 2 | EP | 3º E.P. | PT | PT |
| 2 | EP | 4º E.P | PT | PT |
| 3 | EP | 5ºEP | PT | PT |
| 2 | EP | 6ºEP | PT | PT |

As principais necesidades detectadas son as seguintes:

˜ 1 alumno con Acondroplaxia

- 2 alumnos con Trastornos do desenvolvemento e afectación da linguaxe.
- 1 alumno con AACC
- 1 alumno pendente de Informe dos servizos médicos, con posible T.E.A alto rendemento.
- 1 alumno con Síndrome de Pelizaeus -Merzbacher.
- 1 alumno coa enfermidade de Perthes.
- 1 alumno con Dificultades especificas da lectoescritura (Dislexia.)
- 1 alumno con posibles Dificultades especificas da lectoescritura (Dislexia.) pendente de Informe médico.
- Alumado con dificultades de Aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas, de xeito especial dificultades na mecánica e execución de operacións básicas de cálculo e razoamento lóxico e dificultades de comprensión lectora e expresión oral.
- Alumnado con dificultades para o traballo autónomo, a concentración e a atención.
- Alumnado con dificultades na linguaxe oral.
- Alumno con problemas de conduta.
- Alumnado de nova incorporación ao centro pendente de resultados de avaliación inicial.

Están pendentes de establecer os reforzos do profesorado con dispoñibilidade horaria.
Como é lóxico, esta táboa esta s*uxeita a cambios ao longo do curso escolar. Hai mestres titores que , trala avaliación inicial deciden dar un tempo prudencial aos alumnos posibles candidatos de apoios para ver a súa evolución.*
Cabe destacar tamén o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral que a mestra especialista en Audición e Linguaxe levará a cabo cos tres cursos da educación infantil.
Esta relación de necesidades será revisada e actualizada, no marco dunha avaliación continua,cando menos unha vez por trimestre coa finalidade de dar a mellor atención posible ao alumnado do centro e establecer prioridades de intervención favorecendo a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades.

## 3. Determinación dos obxectivos.

A nivel xeral seguiremos os obxectivos establecidos no Plan de Orientación, os obxectivos dirínxense a toda a comunidade educativa, en cada curso poderán adaptarse en función das necesidades existente e das decisións tomadas pola C.C.P. e o Claustro:

- Facilitar o coñecemento das características do alumnado , que inicia a escolarización no centro.
- Prestar apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado, así como aos criterios de avaliación formativa.
- Coordinar e colaborar na organización e atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar a inclusión e participación do alumnado na dinámica do centro, favorecendo actitudes de respecto, colaboración e tolerancia, así como o cumprimento das normas básicas de convivencia.
- Favorecer a comunicación co alumnado e as súas familias, nos ámbitos individuais e grupais.
- Asesora ao equipo directivo e aos equipos docentes en temas de avaliación, promoción...
- Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas e profesionais, mediante programas de orientación que doten ao alumnado da capacidade de toma de decisións responsables.
- Coordinar e colaborar na organización das tarefas da Coidadora.
- Coordinar as actividades titoriais, asegurando a coherencia no desenvolvemento do plan de acción titorial nos distintos niveis educativos, e favorecendo a formación do titor/a para que poida desempeñar as súas funcións adaptándose ás características do grupo-clase.

**Destacamos neste apartado aqueles obxectivos referidos ao proceso de ensino-aprendizaxe**

-Asesorar ao equipo directivo e ao profesorado sobre as medidas educativas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade e a necesidade da súa implantación para poder atender á diversidade do alumnado.
-Colaborar cos equipos docentes na avaliación inicial do alumnado e no establecemento de medidas educativas adaptadas ás necesidades detectadas no grupo ou nalgún alumno ou alumna.

-Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte a diversidade multicultural.
-Participar no deseño, desenvolvemento e seguimento de medidas de carácter preventivo e compensador das Necesidades Específicas de Apoio Educativo: reforzo educativo, adaptación curricular, agrupamentos específicos, apoios puntuais...
-Apoiar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades e características de cada alumno/a, dun pequeno grupo ou dun grupo-clase.
-Colaborar cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie o desenvolvemento de actividades que favorezan a aprendizaxe significativa.
-Promover actividades que impliquen a colaboración entre o centro e as familias.
-Asesorar e elaborar guías orientativas para o desenvolvemento das sesións de avaliación, na procura de actuacións que permitan dar coherencia ás respostas educativas.
-Colaborar e coordinarse cos diferentes servizos que colaboran no ámbito da orientación
-Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos

## 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención ádiversidade.

Para este curso 2023/24 prevénse as seguintes actuacións:

* Reforzo educativo do profesorado con dispoñibilidade horaria.

* Apoio das mestras especialistas en Audición e Linguaxe e  Pedagoxia Terapeutica.

*  Adaptación Curricular Significativa e Adaptación de acceso a o curriculo a un alumno de 3º E.P.( pendente de valorar outras)

* Avaliacións psicopedagóxicas .

## 5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

No que respecta á organización e distribución dos recursos á hora de aplicar as medidas anteriormente propostas determinaránse as seguintes prioridades:*Terán prioridade e mais carga horaria de apoios e reforzos coa seguinte orde :*

1. ***Alumnado con necesidades especificas de apoio educativo.***

2. *Alumnado con  d**ificultades de aprendizaxes escolar.***

3. *Alumnado con dificultades **especificas da fala e da linguaxe:** especial fincapé nas dislalias do alumnado que se inicia na lestorescritura e no alumnado de cursos superiores.*

4. *Alumnado con sospeita de **trastorno** do desenvolvemento.*

## 6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

Ademais das funcións establecidas no Plan de Acción Titorial, destacamos como eixo vertebrador deste programa as actuación levadas a cabo polas mestra de Pedagoxía Terapéutica  e mestra de Audición e linguaxe así como daqueles mestres que realizarán funcións de apoio.

### 6.1 Actuación do Profesorado de Apoio

#### 6.1.1. Obxectivos Xerais:

-Apoiar aos alumnos e alumnas que presenten Necesidade Específica de Apoio Educativo.

-Fomentar a inclusión dos alumnos con Necesidade Específica de Apoio Educativo no seu grupo e no centro.

-Favorecer a mellora da autoestima.

#### 6.1.2.Obxectivos Específicos:

-Participar na elaboración e desenvolvemento das diversas medidas de apoio que se establezan para a atención da diversidade, como membros do departamento de orientación.

-Colaborar co profesorado das distintas áreas no proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos e alumnas que teñen Necesidade Específica de Apoio Educativo, especialmente nas materias instrumentais.

-Aportar materiais adaptados ás necesidades do alumnado que presenta Necesidade Específica de Apoio Educativo.

#### 61.3.Liñas Prioritarias de Actuación

-Colaborar na atención á diversidade que haxa no centro.

-Participar na avaliación inicial do alumnado.

-Colaborar na proposta organizativa para a atención do alumnado que presente Necesidade Específica de Apoio Educativo, na avaliación inicial como membros do departamento de orientación.

-Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individualizadas, así como as medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

-Facilitarlle ao profesorado que o demande, material adaptado ás necesidades educativas de algún alumno/a.

-Prestarlle atención directa ó alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo no grupo clase. Excepcionalmente prestaráselle atención de forma individual, fora da aula ordinaria, nos casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares.

### 6.2 Actuación da Auxiliar Coidadora.

O persoal auxiliar coidador destinado á atención dun alumno do 3º curso de E.P. e outro de 4º de E.I. terá as seguintes funcións:

a) Atender ao alumo nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión.

b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.

c) Facilitar os traslados polos diferentes espazos do centro.

d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, tanto dentro coma fóra da aula.

e) Atender ao alumno durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.

g) De ser o caso, participar na administración a este alumnado da medicación que non requira especialización profesional, que estea prescrita por persoal médico e segundo a dose indicada.

i) Colaborar nas actividades complementarias e extraescolares nas que participe o alumno.

j) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados

co alumno colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.

k) Aqueloutras que a Administración educativa lle poida encomendar no ámbito das súas competencias.

A orientadora contará cun caderno de atención á diversidade no que irá anotando as incidencias, logros, dificultades de cada un do alumnado que atenden as especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapeútica, que ten como finalidade principal orientar e guiar o seu traballo diario cos alumnos, ó mesmo tempo que deixamos constancia do logros, dificultades... coas que se van atopando ó longo deste curso escolar.
Do mesmo xeito será importante o apoio prestado dende o Departamento de Orientación para que a planificación adquira un sentido global e coordinado.

## 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

* Reunións do Departamento de orientación unha vez ao mes. ( ver calendario de reunións curso 2023/2024)

* Reunións da orientadora a PT e a AL . ( Luns de 12:15 a 13:05h)

* Reunións da orientadora cos titores nos horarios semanais establecidos para as coordinacións de ciclo

* Reunións trimestrais co IES ao que estamos adscritos ( IES Val do Tea )

## 8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

Destacamos como prioritarios neste apartado os seguintes aspectos:

- Fomento de relacións con outros equipos e centros de recursos da Consellería de Educación .
- Información aos pais e nais do alumnado con NEAE .
- Fomento de relacións con outras institucións sempre que se presenten casos graves de alumnado con NEAE
- Establecemento de comunicacións con outras institucións, organismos e asociacións .
- Promoción da cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos .
- Atención ás consultas e demandas das familias .
- Asistencia as reunións convocadas pola Xefa do DO do IES ao que estamos adscritos .
- Información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación .

### 8.1. Principais servizos externos ao centro

Ademais das posibles coordinacións que poidan darse ao longo do curso destacamos certas institucións coas que vimos colaborando en cursos anteriores:

- Gabinetes psicopedagóxicos de Ponteareas ,Porriño e Vigo.
- Servizos sociais do concello de Covelo
- SERGAS.
- EOE.
- Inspección Educativa.

### 8.2. IES VAL DO TEA ( PONTEAREAS)

Resaltamos este centro de xeito especial xa que é os centros de educación secundaria ao que estamos adscritos. Estableceremos reunións de coordinación a través do D.O. Cando menos unha vez por trimestre así como cada vez que sexamos convocados pola xefa do D.O.

De igual xeito que con outras institución levaranse acabo coordinacións e intercambios de información cada vez que sexa preciso

## 9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

## ( VER ANEXOS NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE)

## 10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

Para propoñernos unhas accións prioritarias, e poder constatar cal é o seu grao de consecución, é necesario levar a cabo un proceso de avaliación.

O Plan do Departamento someterase a un proceso continuo de avaliación formativa. O conxunto de informacións serán imprescindibles para valorar a súa validez a medio e longo prazo. O seguimento continuo terá lugar nas diferentes reunións que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas e na Memoria Anual.

Esta concepción avaliadora implica a adopción dunha serie de criterios que sexan guía e marco de referencia:

- *Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.*
- *Nivel de consenso acadado en torno ás propostas realizadas*
- *Grao de integración das actividades do DO na dinámica xeral do centro.*
- *Grao de organización e desenvolvemento do proceso de identificación, seguimento e avaliación do alumnado*
- *Grao de implicación do EOE, do equipo directivo e do resto de profesores.*
- *Grao de coordinación e colaboración con outras institucións implicadas no proceso educativo do alumnado con NEAE.*
- *Grao de implicación e participación das persoas implicadas.*
- *Grao de adecuación das actividades programadas realizadas*
- *A eficacia metodolóxica e a conciliación da temporalización.*
- *Grao de adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais*
- *Grao de implicación e colaboración das familias.*

Os instrumentos que empregaremos para a avaliación serán variados e flexibles, como poden ser os debates, as observacións, a análise da tarefa, as entrevistas... Irase recollendo información e suxestións que permitan reorientar o plan durante o proceso ou, no seu defecto, servirán de punto de partida para a planificación do vindeiro plan de orientación.

Todas as accións educativas levadas a cabo no marco desta programación rexeranse polo principio de mellora continua da **calidade**. Priorizaremos as actuacións educativas destinadas ao dominio, por parte do alumnado, das técnicas instrumentais básicas, das tecnoloxías da información e da comunicación e de idiomas estranxeiros. Igualmente, priorizaremos actuacións que faculten para aprender a aprender ao longo da vida e promovan a convivencia, a autonomía e a participación nunha sociedade democrática.
O seguimento e a avaliación dos diferentes proxectos, plans e/ou programas constituirán os procesos básicos no axuste e na mellora da atención á diversidade

COVELO, SETEMBRO DE 2023
A ORIENTADORA



# CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA DO CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ

## 1.INTRODUCIÓN.

A **convivencia escolar** é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

O **plan de convivencia do Ceip Antonio Blanco Rodriguez** é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia neste centro .

O Plan de Convivencia ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado así como no ***Decreto 8/2015 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.***

## 2 .OBXECTIVOS.

**Obxectivos xerais:**

1. Facilitarlles ao equipo directivo e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha idónea convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e conseguir un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.
3. Fomentar nos centros docentes os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia,

especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

6. Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos. CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións da contorna que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentai***s.***

**Obxectivos específicos:**

1. Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.

2. Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).

3. Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias- profesorado).

4. Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.

5. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de maneira que favorezan o clima de centro.

6. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula. Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.

7. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.

8. Propor actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.

9. Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.

10. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).

11. Formar aos diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
12. Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
13. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula. CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ
14. Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: o concello e con outras organizacións non oficiais (asociacións, ong...).

## 3.- ACTIVIDADES ESPECIFICAS PROPOSTAS PARA O CURSO 2023-2024

| ACCIÓN | ACTIVIDADE | TEMPORIZACIÓN | DESTINATARIOS |
|---|---|---|---|
| Nº1 | Realización de actividades para conmemorar o día Internacional Contra a violencia de xénero. | 1º trimestre | Todo o alumnado do centro |
| N.º 2 | Conmemoración do día Internacional da Muller | 2º trimestre | Todo o alumnado do centro |
| Nº3 | Traballar a Diversidade afectivo sexual en colaboración coa Asociación Trans Miño LGTBI | 1º trimestre | Alumnado de 5º e 6º de primaria |
| Nº4 | Charla de Habilidades Sociais. Entrenamento preventivo.Coa Asociación Amaina | 3º trimestre | 3º e 4º de primaria |
| N.º 5 | Charla de prevención de drogodependencias e outras adiccións. Coa Asociación Amaina. | 3º trimestre | 6º primaria |
| N.º 6 | Charla de prevención de problemas | 3º trimestre | 5º primaria |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | asociados ao uso das novas tecnoloxías. | | |
| N.º 7 | Conmemoración do día Internacional da Paz e a Non Violencia | 2º trimestre | Todo o alumnado do centro |
| N.º 8 | Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros | Pendentes da dispoñibilidade dos relatores. | Todo o alumnado do centro |

Sumariamos ademais todas aquelas propostas que podan xurdir dende diferentes ámbitos, como co Concello de Covelo, a Deputación de Pontevedra, asociacións da contorna etc.

Setembro de 2023

A responsable da Convivencia Escolar

Carla Cerqueira Oliveira



# PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

**Introducción.**

O área de Educación Física na etapa de Educación Primaria busca preparar ao alumnado para adoptar un estilo de vida activo, actitudes socialmente responsables, conseguindo que o alumnado sexa motrizmente competente contribuindo ao desenvolvemento integral do mesmo, tal como se expón no artigo 35 do currículo de Educación Primaria a continuación se desenvolverá o Plan de actividades físicas e hábitos saudables

**Análise do contexto.**

O CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ está emprazado na comarca do Condado Paradanta, na zona entre Ponteareas e A Cañiza, no concello de O Covelo (42°13'51.3"N 8°21'54.2"W), ten conexión coa cidade de Vigo con saída e entrada na autovía, o nivel educativo é medio-baixo por a situación económica da comarca, o ser un centro do rural interior sen apenas puxanza de empresas ou economía na zona, o alumnado do centro móvese no rango de entre 100 e 120 alumnos/as, o claustro conta con 17 mestres, e contamos co apoio do concello de Covelo para levar adiante as melloras na infraestrutura do centro así como coa axuda inestimable da Consellería de Educación, ademais dispón o Concello dunha biblioteca, unha asociación de veciñanza, e varios museos na zona(museo etnográfico, Pazo da Cruz) (casa museo, Leonides, casa museo da cera).

**Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.**

| OBXECTIVOS | INDICADORES |
|---|---|
| Analizar a realidade alimentaria do alumnado | Realizar unha enquisa trimestral sobre hábitos de saúde e alimentación.<br>Reforzar as merendas saúdables. |
| Aumentar as posibilidades de actividade física. | Levar a cabo por parte do centro do Plan Proxecta "Proxecto de Vida Deportiva e Activa" (PVDA)<br>Adquirir novo material para o área de Educación Física |
| Coñecer o consumo de actividade física. | Realizar unha enquisa trimestral sobre actividade física e deporte. |
| Aumentar o consumo de actividade física | Propoñer dende o área de Educación Física por medio do PVDA actividades física e xogos nos tempos de lecer. |

**Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan, e difusión.**

Tras levar a cabo o plan de actividades físicas e hábitos saudables en colaboración co PVDA "Covelo en Plena Forma" o seguimento do plan levarase a cabo trimestralmente analizando o acadado en base o PVDA, para avaliar tanto o Plan coma o Proxecto, seguiremos as pautas de avaliación expostos no Proxecto "Covelo en Plena Forma"

Así mesmo tanto este Plan como o Proxecto será un documento aberto e flexible o cal permita modificar as actividades e intervencións propostas.

Para a difusión tanto do Plan coma do Proxecto este estaría exposto na páxina web do centro e as actividades e intervencións estarán expostas no apartado de Educación Física do aula virtual.

# COVELO EN PLENA FORMA

## INTRODUCCIÓN

Como se pode ler na páxina da OMS "Hasta 5 millóns de mortes ao ano poderían evitarse se a poboación mundial fose máis activa", isto unido a súa recomendación de "un promedio de 60 minutos ao día para os nenos e adolescentes de actividade física". Fai que sexa importante promover no noso alumnado a práctica de actividade física saúdable.

Por todo isto dende o CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ consideramos que as horas de educación física (2 horas a semana), non son suficientes para acadar o exposto pola OMS e por elo levaremos a cabo o seguinte Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVDA), denominado "Covelo en plena forma"

CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ está emprazado na comarca do Condado Paradanta, na zona entre Ponteareas e A Cañiza, no concello de O Covelo (42°13'51.3"N 8°21'54.2"W), ten conexión coa cidade de Vigo con saída e entrada na autovía, o nivel educativo é medio-baixo por a situación económica da comarca, o ser un centro do rural interior sen apenas puxanza de empresas ou economía na zona, o alumnado do centro móvese no rango de entre 100 e 120 alumnos/as, o claustro conta con 17 mestres, e contamos co apoio do concello de Covelo para levar adiante as melloras na infraestrutura do centro así como coa axuda inestimable da Consellería de Educación, ademais dispón o Concello dunha biblioteca, unha asociación de veciñanza, e varios museos na zona(museo etnográfico, Pazo da Cruz) (casa museo, Leonides, casa museo da cera).

## OBXECTIVOS

- Aumentar a práctica de actividade física do alumnado.
- Aumentar a adherencia ao exercicio físico do noso alumnado.
- Coñecer o sendeirismo, como actividade para mellorar a condición física.
- Coñecer a relación entre a inxesta, a actividade física e a condición física.
- Coñecer diversos xogos e deportes alternativos.
- Dotar de un amplo abano de posibilidades físicas o tempo de lecer do alumnado.
- Reforzar as merendas saudables, así como alimentación.
- Valorar as actividades físicas como un medio para o desenvolvemento integral.
- Valorar as diversas realidades corporais e respectar as diferencias.

## ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

A duración do proxecto será anual e realizaránse actividades en varios ámbitos temporais.

### Anual

DENTRO E FORA DO CENTRO E EN HORARIO LECTIVO.

- Patios activos.
- Merendas saúdables.
- Bibilioteca deportiva (rincón no pavillón)
- Participación no programa XOGADE en colaboración con ADECONPAR (expostas as actividades trimestralmente).
- Desenvolvemento das saídas a contorna en colaboración co Concello de Covelo (1 saída por trimestre).

DENTRO E FORA DO CENTRO E FORA DO HORARIO LECTIVO.

- Retos mensuais de actividade física.
- Actividades extraescolares en colaboración co ANPA
- Publicidade de actividades físicas realizadas cerca da contorna.

### Primeiro trimestre

DENTRO E FORA DO CENTRO E EN HORARIO LECTIVO.

- Taller corporal (recreos 1 mes).
- Campeonato de Datchball (recreos 2 meses)
- ADECONPAR Cross en Guláns 3º-6º
- Saída pola contorna 1º e 2º primaria

DENTRO E FORA DO CENTRO E FORA DO HORARIO LECTIVO.

- A alimentación (traballo de investigación)
- Calculadora metabólica (traballo con apoio familiar)

### Segundo trimestre

DENTRO E FORA DO CENTRO E EN HORARIO LECTIVO.

- Habilidades ximnásticas (recreos 1 mes).
- Campeonato de bádminton (recreos 2 meses)
- Xincana de ROSALÍA DE CASTRO
- Desenvolvemento do DAFIS.

- ADECONPAR Intercoles 5º e 6º
- ADECONPAR Xogaloita 4º
- ADECONPAR Balonman 4º
- ADECONPAR Bádminton 5º e 6º
- Saída pola contorna 3º e 4º primaria

DENTRO E FORA DO CENTRO E FORA DO HORARIO LECTIVO.

- As lesións no deporte (traballo de investigación)
- Pasos para un mundo mellor (investigación de pasos/día)

<u>Terceiro Trimestre</u>

DENTRO E FORA DO CENTRO E EN HORARIO LECTIVO.

- Habilidades ximnásticas (recreos 1 mes).
- Campeonato de Voleibote (recreos 2 meses)
- Xogos olímpicos de covelo (día das letras galegas)
- Día da auga (20 de xuño)
- ADECONPAR Intercoles 5º e 6º
- ADECONPAR Voleibol ¿?
- ADECONPAR Golf ¿?
- ADECONPAR Xogos populares 5º e 6º
- Saída pola contorna 5º e 6º primaria

DENTRO E FORA DO CENTRO E FORA DO HORARIO LECTIVO.

- Xogos populares na contorna (traballo de investigación)
- un deporte un regramento (Busca de información)

**AVALIACIÓN**

- DAFIS no segundo trimestre (Talla, peso e perímetros trimestralmente).
- Buzón de suxerencias.
- Enquisas trimestrais de actividade física.
- Enquisas de satisfacción
- Fotografías das actividades a realizar con apoio das familias.
- Traballos e investigacións sobre diversos contidos (lesións, quecemento, actividade física...)

2023/2024

# PROGRAMA DA BIBLIOTECA ESCOLAR



C.E.I.P. ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ
EQUIPO DE BIBLIOTECA
2023/2024

**ÍNDICE:**

1. **Xustificación**
2. **Análise da situación real da biblioteca e das necesidades máis urxentes en materia de fondos, equipamento, mobiliario e outros**
3. **Obxectivos**
4. **Tipo de organización e funcionamento previsto**
5. **Optimización dos espazos, organización e automatización dos fondos**
6. **Actuacións previstas nos seguintes ámbitos**
    a) Xestión técnica e organización.
    b) Formación para o uso, tratamento e produción de información.
    c) Formación de usuarios.
    d) Programas de formación para a competencia informacional e mediática.
    e) Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.
    f) Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.
    g) Apoio ao desenvolvemento de Plan de lectura do centro (en materia de lectura, escritura e habilidade no uso, tratamento e produción de información).
    h) Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.
    i) Apoio ao estudo e ao desenvolvemento do currículo das distintas áreas e materias e outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.
    j) Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.
    k) Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

l) Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

m) Dinamización cultural do centro en materia de lectura e extensión cultural: presentación de libros, recitais, lecturas públicas, edición de boletíns informativos etc.

n) Outros.

**7. Horario previsto de atención específica**

**8. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que terán en conta os instrumentos que se van utilizar**

a) Procedementos de avaliación

b) Criterios de avaliación

c) Indicadores

**9. Anexos**

1. **Xustificación**

   O CEIP Antonio Blanco Rodríguez é un centro rural formado por 9 unidades e que conta con familias dun nivel sociocultural medio baixo. Así as necesidades detectadas na biblioteca do noso centro rural lévannos a solicitar este plan, posto que hai unha precariedade notable nos fondos dispoñibles para o alumnado, no mobiliario, así como na organización dos espazos. Dada esta situación de ámbito rural, consideramos que a biblioteca podería ser un punto de confraternidade de toda a comunidade educativa, así como unha oportunidade de compensación de desigualdades.

2. **Análise da situación real da biblioteca e das necesidades máis urxentes en materia de fondos, equipamento, mobiliario e outros**

   A biblioteca do centro é bastante antiga e polo tanto pouco atractiva para o alumnado. O mobiliario está formado por estantes de madeira de tamaño reducido e con pouca visibilidade, así como por un grupo de mesas de estudos nas o alumnado está separado por táboas verticais entre elas e outro grupo de mesas baixas destinado a alumnado de educación infantil e primeiro ciclo.

   En canto aos fondos da biblioteca é preciso facer un expurgo de libros en mal estado físico ou que non son adecuados ás idades do alumnado. Ademais, non hai fondos suficientes para que todo o alumnado dun grupo dunha aula poida ler o mesmo libro e así facer unha lectura compartida en voz alta e unha análise conxunta do texto.

   Ademais, hai que realizar unha correcta catalogación dos fondos seguindo a C.D.U. e formar aos usuarios para que saiban empregala correctamente.

3. **Obxectivos**

- O principal obxectivo deste programa é a actualización tanto do mobiliario como dos fondos da biblioteca para paliar as desigualdades do alumnado.
- Conformar unha biblioteca do século XXI como centro de recursos de aprendizaxe e contribuíndo aos O.D.S.
- Conformar unha biblioteca accesible para toda a comunidade educativa, comezando co emprego de pictogramas e aumentando progresivamente a outros sistemas alternativos de comunicación.
- Coordinar proxectos interdisciplinares tendo a biblioteca como punto de partida e centro de traballo.
- Procurar unha multialfabetización do alumnado.
- Achegar a biblioteca ás comunidade educativa como punto de creación e desfrute.
- Mellorar o hábito lector do alumnado.
- Incorporación do uso da CDU para facilitar a organización e búsqueda dos fondos, así como a súa correcta etiquetaxe.
- Adquisición por parte do alumnado das competencias na búsqueda e tratamento da información e na comunicación s transmisión do coñecemento.
- Iniciación na disciplina positiva dende a biblioteca.

**4. Tipo de organización e funcionamento previsto**

O equipo de biblioteca estará formado por un coordinador de biblioteca, un mestre de cada ciclo de Educación Primaria, un mestre de Educación Infantil e os especialista de educación física e a especialista de música.

Para poder facer unha boa xestión da biblioteca o equipo de biblioteca disporá de horas para a coordinación e a realización de proxectos e atención á biblioteca.

Ademais, en canto ao horario de apertura de biblioteca esta estará aberta durante todo o horario lectivo, dispoñendo dun cuadrante de forma que cada grupo teña horas en exclusividade na biblioteca para desenvolver diferentes actividades.

Tamén estará aberta nos recreos estando sempre atendida por una membro do equipo de biblioteca e alumnado do terceiro ciclo para atender aos préstamos. Este alumnado de terceiro ciclo formará parte dun equipo de voluntariado da biblioteca.

Ademais, os martes pola tarde tamén estará aberta durante o periodo que o profesorado estea no centro.

**5. Optimización dos espazos, organización e automatización dos fondos**

A nosa proposta de optimización consiste nunha renovación completa do mobiliario, a eliminación das mesas individuais e a creación de espazos atractivos e cómodos onde o alumnado poida desfrutar da lectura dun xeito máis distendido. Para iso, compraremos novo mobiliario, pintaranse as paredes e reciclaremos elementos aos que lles poidamos dar unha segunda vida.

Os fondos está integrados no programa Meiga da Consellería, pola contra é preciso realizar unha etiquetaxe máis axeitada así como incorporar a C.D.U. para a búsqueda e organización dos fondos.

**6. Actuacións previstas nos seguintes ámbitos**

a) Xestión técnica e organización.

Buscarase unha maior implicación por parte do equipo de biblioteca, así como un maior horario de apertura da biblioteca abríndoa a toda a comunidade educativa.

Tamén o expurgo de fondos bibliotecarios inadecuados ou obsoletos e a súa correcta etiquetaxe.

Os empréstitos levaranse a cabo mediante un carné individual cos datos do alumno ou alumna.

b) Formación para o uso, tratamento e produción de información.

   Todo o equipo de biblioteca acudirá as formacións que ofreza a consellería para garantir un correcto uso da biblioteca e tamén acudirá a calquera formación que considere relevante para a súa formación neste ámbito.

c) Formación de usuarios.

   Todo o alumnado e profesorado será formado de forma que sexan usuarios autónomos no uso da biblioteca e, ademais, o alumnado de terceiro ciclo que queira participar no grupo de voluntariado terá unha formación máis específica para os capacite para a realización de préstamos, devolucións e recolocación dos fondos.

d) Programas de formación para a competencia informacional e mediática.

   Dende a biblioteca preténdese contribuír á competencias informacional e mediática así como ás distintas competencias clave que as integran a través de distintos programas como:

- Programa formativo no coñecementos da biblioteca e os recursos que ofrece.
- Programa formativo en habilidades e estratexias para aprender a informarse.
- Apoio aos proxectos aula-biblioteca, proxectos documentais e traballos interdisciplinares.

   Tende sempre como obxectivo que o alumnado adquira competencias na búsqueda e tratamento da información e na comunicación s transmisión do coñecemento.

e) Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.

- Continuar co lector do mes en galego en coordinación co equipo de dinamización da lingua galega.
- Colaborar co futuro proxecto horta escolar.
- Establecer a biblioteca como punto de partida dos diferentes proxectos do centro.
- Coordinación co futuro proxecto de escritura a nivel centro.

f) Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.

- Creación dunha base de datos dixital con códigos QR, onde apareza un resumo do libro e as opinións do alumnado que o leu.
- Creación dun apartado na páxina web do centro adicado á biblioteca, onde o alumnado poida escribir as súas opinión sobre libros, así como compartir as súas experiencias dentro da biblioteca.
- Continuar co xa mencionado proxecto mellor lector do mes en galego, premiando a aquel alumnado que máis libros lean na nosa lingua.
- Visitas de contacontos e ilustradores.
- Apadriñamento lector dentro do centro.
- Creación dun pasaporte lector para as diferentes actividades que se leven a cabo dende a biblioteca.
- Continuación coa subscrición ao xornal escolar "O Papagaio".
- Aproveitar as conmemoracións levadas a cabo no centro para desenvolver actividades desde a biblioteca.

g) Apoio ao desenvolvemento de Plan de lectura do centro (en materia de lectura, escritura e habilidade no uso, tratamento e produción de información).

- Continuación coa hora de lectura diaria.

- Continuación da realización dos xornais escolares.
- Emprego das TIC como medio de formación e información.
- Realización de talleres de escritura establecendo unha conexión real entre os libros da biblioteca e os textos que van producir.

h) Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.

- Prestar fondos para a creación de bibliotecas de aula.
- Escoitar suxestións de profesorado e alumnado para a adquisición de novos fondos.
- Participación e coordinación cos programas xa mencionados anteriormente.

i) Apoio ao estudo e ao desenvolvemento do currículo das distintas áreas e materias e outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.

- Ampliación do horario de apertura da biblioteca.
- Creación de materiais en lectura fácil e adquisición de fondos neste formato.
- Adquisición de fondos sobre a diversidade.
- Clasificación C.D.U., que axudará a ter organizados os libros de consulta por temáticas, o que facilitará a obtención de información e contidos.
- Desenvolvemento da competencia dixital grazas os numerosos dispositivos electrónicos do centro e que permiten a atención á diversidade do alumnado.

j) Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.

- Disposición dun dispositivo informático por alumno de forma individual o que facilitará a creación de bibliotecas dixitais en función dos intereses de cada neno ou nena, ilimitando as fronteiras da biblioteca de xeito que teñan acceso

a todos os recursos dispoñibles na rede. Continuación co uso do programa Calibre.

- Emprego dos diferentes aplicativos da maqueta Abalar tales como Audacity, a través da gravación de audiocontos, traballando así a accesibilidade e a atención á diversidade; Writer, para a creación de contos, lendas e diferentes textos; Draw, coa creación de novelas gráficas, cómic… ou Openshot, como ferramenta para traballar a parte audiovisual.

k) Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

- Creación dun apartado dixital na páxina web do centro dedicado a biblioteca.
- Creación de recomendacións lectoras do mes cun estante na entrada do centro.
- Aproveitamento das pantallas nos espazos compartidos do centro para publicitar os diferentes recursos.
- Información periódica ás familias mediante mensaxes de Abalar.
- Información nos taboleiros das aulas.

l) Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

- Colaboración coa A.N.P.A. para a realización de diferentes actividades.
- Asistencia das familias aos coles para realizar lecturas no horario lectivo.
- Colaboración coa biblioteca municipal, a cal foi recentemente actualizada, para realizar actividades en común.
- Formación das familias sobre o uso da C.D.U.

m) Dinamización cultural do centro en materia de lectura e extensión cultural: presentación de libros, recitais, lecturas públicas, edición de boletíns informativos etc.

- Creacións de xornais de centro.

- Creación de libros compartidos dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.
- Realización de recitais e lecturas públicas nas diferentes conmemoracións levadas a cabo ao longo do curso, facendo fincapé na figura das mulleres na cultura galega.
- Publicación de todas actividades realizadas á páxina web da biblioteca para que toda a comunidade educativa teña acceso a este contido.

n) Outros.

- Iniciación na disciplina positiva dende a biblioteca, co fin de mellorar o ambiente e organización deste espazo servindo como experiencia piloto para un futuro proxecto de centro baseado nesta disciplina.

**7. Horario previsto de atención específica**

De luns a venres de 10:00 a 16:00 e os martes de 10:00 ata as 16:30.

**8. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que terán en conta os instrumentos que se van utilizar**

a) Procedementos de avaliación:

- Escala de avaliación por parte do equipo de biblioteca sobre o funcionamento da mesma.
- Unha lista de cotexo por parte do alumnado para avaliar o servizo que ofrece a biblioteca.
- Enquisa de satisfacción por parte do quipo docente e as familias.
- Rexistro dos fondos lidos para realizar unha valoración das preferencias do alumnado e poder facer melloras de cara ao vindeiro ano.
- Enquisa sobre preferencias lectoras.

Todos estes instrumentos de avaliación terán un apartado de propostas de mellora para ter en conta a opinión dos diferentes usuarios.

b) Criterios de avaliación:

- Actualizar o mobiliario e os fondos.
- Conformar unha biblioteca actualizada.
- Relacionar a biblioteca cos O.D.S.
- Conformar unha biblioteca accesible.
- Coordinar proxectos interdisciplinares.
- Procurar unha multialfabetización do alumnado.
- Achegar a biblioteca á comunidade educativa.
- Mellorar o hábito lector do alumnado.
- Incorporar o uso da CDU.
- Adquirir por parte do alumnado as competencias clave.
- Iniciaciarse na disciplina positiva dende a biblioteca.

c) Indicadores:

- Indicadores de nivel lector: teremos en conta a madurez e o nivel de velocidade lectora e de comprensión do alumnado e a posible repercusi´´on da biblioteca nas melloras que se obteñan.
- Indicadores de uso: a informatización dos fondos permitiranos analizar o número e o tipo de documentos consultados, os títulos máis emprestados, a duración media do empréstito…
- Indicadores de recursos: avalaición dos libros e das coleccións existentes, o correcto funcionamento dos dispositivos dixitai.

  Valoración dos recursos humans que contribuen no funcionamento da biblioteca.

- Indicadores cualitativos: as actividades de formación do equipo de biblioteca, charlas coas familias, colaboración coa biblioteca municipal, sesións informativas ao claustro e colaboración nos distintos proxectos do centro.
- Indicadores comparativos: autoavaliación que permite coñecer se ano tras anos melloramos ou nos estancamos, establecendo uns elementos de referencia.

## 9. Anexos












# PROXECTO
# " AULA DA NATUREZA - INVERNADOIRO"
# DO COLE DE COVELO
# CURSO 2023 -24









# SUMARIO:


- ✔ **ÍNDICE** ........................................ PÁX. 2
- ✔ **1. INTRODUCIÓN** ........................................ PÁX. 3
- ✔ **2. OBXECTIVOS ODS**........................................ PÁX. 3...4
  - ○ **2.1 Que son os obxectivos ODS** ........................................ PÁX. 3
  - ○ **2.2 Cales son os obxectivos ODS** ........................................ PÁX. 3...4
- ✔ **3. AULA DA NATUREZA DO INVERNADOIRO DO COLE DE COVELO** .. PÁX. 3...20
  - ○ **3.1. Antecedentes** ........................................ PÁX. 4
    - ◌ 3.2.1 Actividades dos cursos 2015-16 e 2022-23........................................ PÁX. 5...9
  - ○ **3.2. Obxectivos do Proxecto** ........................................ PÁX. 9
    - ◌ 3.2.1 Obxectivos Xerais ........................................ PÁX. 9
    - ◌ 3.2.2 Obxectivos Específicos ........................................ PÁX. 9
  - ○ **3.3. Organización dos Recursos humanos** ........................................ PÁX. 10...11
    - ◌ 3.3.1.Composición dos equipos do alumnado........................................ PÁX. 10...11
  - ○ **3.4. Temporalización da aula da natureza** ........................................ PÁX. 11...12
    - ◌ 3.4.1. Organización dos equipos coas datas de traballo........................................ PÁX. 11...12
  - ○ **3.5. Produtos a sementar** ........................................ PÁX. 13...15
    - ◌ 3.5.1.Produtos a sementar por trimestres ........................................ PÁX. 13...15
  - ○ **3.6. Imaxes de produtos obtidos con sementes no invernadoiro** .............. PÁX. 16...17
  - ○ **3.7. Proceso de incubación de ovos para o nacemento de pitiños** ............ PÁX. 18...19
  - ○ **3.8. Actividades do alumnado na aula da natureza**........................................ PÁX. 20
- ✔ **4. MEMORIA E AVALIACIÓN DO PROXECTO**........................................ PÁX. 20

## 1. Introdución



○ O CEIP Antonio Blanco Rodriguez está situado no Concello de Covelo ( Pontevedra), que pertence á comarca da Paradanta. A súa orografía componse de profundos vales, altas montañas e varios ríos. Polo norte esténdese a serra do Suído, polo nordés a serra de Faro de Avión, polo sur os Montes de Paradanta e polo oeste o val do río Tea.

○ Como podemos observar é un Concello eminentemente rural, situado nun enclave privilexiado, rodeado de natureza e aire puro .

○ Dende o centro queremos poñer en valor esta riqueza natural da nosa contorna e aportar o noso gran de area no marco da contribución ao cumprimento dos obxectivos ODS.

## 2. Obxectivos ODS

**2.1. *QUE SON OS OBXECTIVOS ODS*:**

· Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) son medidas adoptadas polos líderes mundiais para protexer o planeta, loitar contra a pobreza e tratar de erradicala co fin de construír un mundo máis próspero, xusto e sustentable para as xeracións futuras. Estes obxectivos fixáronse dentro da Axenda 2030 sobre o desenvolvemento sustentable.

**2.2. *CALES SON OS OBXECTIVOS ODS*:**

1. Fin da Pobreza.
2. Fame Cero.
3. Saúde e Benestar.

4. Educación e Calidade.
5. Igualdade de Xénero.
6. Auga Limpa e Saneamento.
7. Enerxía alcanzable e non Contaminante.
8. Traballo Decente e Crecemento Económico.
9. Industria, Innovación e Infraestrutura
10. Redución das Desigualdades
11. Cidades e comunidades sustentables
12. Produción e consumo responsable
13. Acción polo clima
14. Vida submarina
15. Vida de ecosistemas terrestre
16. Paz, xustiza e institucións adoitadas
17. Alianzas para lograr os obxectivos

# 3. Aula da Natureza de Invernadoiro de Covelo

## 3.1. *ANTECEDENTES:*

◦ No CEIP Antonio Blanco Rodriguez contamos cun horto escolar e un invernadoiro dende o curso 2003/2004, no que se desenvolveu un obradoiro.

◦ A nosa granxa comezou no ano 2010.

◦ No curso 2015-16 ampliamos a nosa horta coa plantación de árbores e arbustos.

◦ Dito horto funciona principalmente *grazas á figura do noso conserxe* que se encarga de alimentar e coidar ás diferentes especies animais que alí temos e tamén de sementar e plantar.

◦ No derradeiro curso 2022-23 desenvolvemos diversas actividades e decatámonos de que sería necesario un proxecto para garantir o aproveitamento do invernadoiro e a granxa, coa participación activa do alumnado.

◦ O alumnado e profesorado ata o derradeiro curso colaboraron co conserxe con diversas visitas ao invernadoiro, axudando a sementar, coidar os cultivos e dar de comer as aves e coellos da nosa granxa.

**3.1.1.*Actividades dos cursos 2015-16 e 2022-23*:**

| **● IMAXES DO CURSO 2015-16 ●** | |
|---|---|
|  |  |
|  |  |
|  |  |

<table>
<tr><th colspan="2">● ENLACES DE ACTIVIDADES DO CURSO 2015-16 ●</th></tr>
<tr>
<td>

https://www.youtube.com/watch?v=VOBmZavaC7w<br>OS NOSOS CULTIVOS</td>
<td>
https://www.youtube.com/watch?v=cNNRYPuMmHI<br>A NOSA GRANXA</td>
</tr>
<tr>
<td>

https://www.youtube.com/watch?v=VBjVbds2qq0<br>E. INFANTIL NO NOSO INVERNADOIRO</td>
<td>

https://www.youtube.com/watch?v=1IwUy5tN7zg<br>1º E 5º NO NOSO INVERNADOIRO</td>
</tr>
<tr>
<td>

https://www.youtube.com/watch?v=4W03WabutJY<br>2º E 4º NO NOSO INVERNADOIRO</td>
<td>

https://www.youtube.com/watch?v=tJlRJLuky_k<br>3º E 6º NO NOSO INVERNADOIRO</td>
</tr>
</table>

<table>
<tr><td colspan="2">● ENLACE VÍDEO E IMAXES DO CURSO 2022-23 ●</td></tr>
<tr><td>

https://www.youtube.com/watch?v=5GBS3pkehFQ</td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td></tr>
</table>










Carballo---Roble
Árbore moi típica e abundante en Galicia de gran
valor que se utiliza para facer mobles e leña.Solen
nacer en grupos denominados carballeiras e na súa
sombra fanse numerosas festas e romarías.
Toxo---Tojo
Piñeiro----Pino



○*Durante o curso 2023/2024* queremos darlle un pulo a este proxecto que xa é un símbolo do noso centro, poñer en valor todo o que xa se estaba a facer, así como contribuír a melloralo de xeito ordenado e organizado incluíndoo dentro da nosa programación curricular e da nosa organización de Centro e implicando nel a toda a Comunidade Educativa.

### 3.2. ***OBXECTIVOS DO PROXECTO:***

#### 3.2.1.***Obxectivos Xerais*:**

- Contribuír ao cumprimento dos obxectivos ODS.
- Favorecer a transmisión de contidos do currículo escolar a través das tarefas empíricas da aula da natureza e o invernadoiro.
- Educar na sensibilidade ambiental contribuíndo á sustentabilidade do planeta.
- Desenvolver a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.
- Potenciar hábitos que promovan unha alimentación saudable, equilibrada e ética.
- Lograr o achegamento coa natureza e xerar conciencia da orixe dos produtos da terra.
- Utilizar os produtos do noso invernadoiro no Comedor Escolar.

#### 3.2.2 ***Obxectivos específicos*:**

- Afianzar habilidades prácticas en agricultura e en horticultura.
- Incrementar a calidade nutricional dos alimentos que inxiren os nenos .
- Mellorar a actitude e os coñecementos dos nenos respecto da agricultura e a vida rural.
- Fomentar o uso do galego no coñecemento de variedades de froitas e hortalizas .
- Ofrecer un espazo para o gozar e o esparexemento dentro da escola.
- Coñecer as diversas formas de cultivo, o proceso da fotosínteses, así como o tipo de vitaminas que achegan os vexetais, identificando as plantas das que proveñen.
- Promover o coidado dos animais da granxa.
- Fomentar o traballo cooperativo, con actividades lúdicas e creativas en contacto co medio natural.
- Desenvolver a autonomía, comunicación e sociabilidade dos alumnos.
- *Contribuír á potenciación e uso do galego*, potenciando o coñecemento na nosa lingua do vocabulario relacionado co proxecto.
- Continuar coa exposición de especies autóctonas, *con carteis en galego* co seu nome e características.

### 3.3. *ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS:*

◦ Este proxecto estará liderado polas mestras encargadas do **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e do **comedor**, así como polo noso **conserxe**, *coa supervisión da directora e a xefa de estudos.*

◦ O resto do profesorado colaborará en todas aquelas tarefas que lle sexan encomendadas así como aqueloutras que poidan xurdir e que eles mesmos poidan propoñer ao longo de todo o curso.

◦ O **Equipo de Biblioteca** tamén colaborará con este proxecto naquelas actividades conxuntas que se estime oportunas ao longo do curso escolar; especialmente en actividades relacionadas co fomento da lectura e das producións escritas relacionada cos animais, as plantas e a natureza en xeral.

◦ Fomentaremos a organización de charlas ( en colaboración co **Concello** , coa **ANPA** e con A**sociacións** da contorna) relacionadas co coidado e cultivo dos nosos produtos.

◦ O **alumnado**, o**rganizado por equipos** e guiado polas persoas encargadas do proxecto encargaranse de realizar as labores de mantemento da aula, coidado do horto e alimentación dos animais.( facendo uso do compostoiro cos alimentos sobrantes do comedor).

#### 3.3.1. *Composición dos equipos do alumnado:*

· Existirán **8 equipos de Primaria,** coa mestura de alumnado dende 1º a 6º,contando cun encargado ou encargada de 6º, para coordinar o grupo, baixo a supervisión dos mestres/as.

· O **alumnado de Infantil** será organizado polas mestras titoras desa etapa.

· Os EQUIPOS DE PRIMARIA serán os seguintes:

| @S VITAMINAS | @S GRANXEIR@S | @S LABREG@S | @S HORTELAN@S | @S SEMENTADOR@S |
|---|---|---|---|---|
| ☺ **PAULA 6º** | ☺ **HUGO 6º** | ☺ **CÉSAR 6º** | ☺ **IRENE 6º** | ☺ **SABELA6º** |
| ◈ YAGO 6º | ◈ ALDARA 6º | ◈ JOEL 6º | ◈ ULISES 6º | ◈ MARÍA 5º |
| ◈ ÁNGEL 5º | ◈ JANETE 6º | ◈ HUGO 6º | ◈ AVRIL 5º | ◈ MATHEUS 5º |
| ◈ VEGA 5º | ◈ LEYRE 5º | ◈ DESIRÉ 5º | ◈ LEO 4º | ◈ HUGO 4º |
| ◈ EVER 4º | ◈ JULIA 4º | ◈ YASMINA 4º | ◈ BRAIAN 4º | ◈ DAVID 4º |
| ◈ AROA 4º | ◈ JAIONE 4º | ◈ YOEL 4º | ◈ ASIER 3º | ◈ LEO 3º |
| ◈ LEYRE 3º | ◈ ARIADNA 4º | ◈GUILLERMO4º | ◈ SABELA 3º | ◈ YANIRA 3º |
| ◈ VENTO 2º | ◈ HÉCTOR 3º | ◈ PAULA 3º | ◈ ADRIANA 2º | ◈ BRAIS 2º |
| ◈ MARCO 1º | ◈ NOÉ 2º | ◈ NAIA 2º | ◈ KARLA 1º | ◈ IZAN 1º |
| ◈ SOFÍA 1º | ◈ LAIA 1º | ◈ GLORIA 1º | | ◈ NAYRA 1º |

| @S COLLEITEIR@S | @S AGRÓNOMO@S | @S SACHADOR@S | @S FROIT@S (E. I.) |
|---|---|---|---|
| ☺ **ALEJANDRO 6º** | ☺ **LIA 6º** | ☺ **ETHAN 6º** | |
| ◈ YAGO 5º | ◈ NOA 5º | ◈LUCAS 5º | |
| ◈ PABLO 5º | ◈ ROBERT 5º | ◈ MANUEL 5º | |
| ◈ XAN 4º | ◈ ROUSE MARY 5º | ◈ ITH 4º | |
| ◈ ADRIANA 4º | ◈ XIANA 4º | ◈ AINARA 4º | |
| ◈ IZAN 3º | ◈ MARÍA 4º | ◈ KARINA 4º | |
| ◈ NOAH 2º | ◈ LUCÍA 3º | ◈ MIRIAM 3º | |
| ◈ ENZO 1º | ◈ MARTINA 2º | ◈ DILAN 2º | |
| ◈ ESTELA 1º | ◈ ALDARA 2º | ◈ DANIELA 1º | |
| | ◈ NEREA 1º | | |

### 3.4. ***TEMPORALIZACIÓN DA AULA DA NATUREZA:***

◌ Este proxecto levarase a cabo durante o curso **2023/2024**. Comezaremos a traballar coa organización por equipos *a partir do primeiro venres do mes e outubro* ( **día 6 de outubro)** *na última sesión da tarde*. Remataremos o traballo organizado no mes de maio, por ser xuño un mes dedicado a saídas e excursións.

#### 3.4.1. ***Organización dos equipos coas datas de traballo:***

| MES DE OUTUBRO |
|---|
| ☺ **VENRES 6 ►@S VITAMINAS** |
| ☺ **VENRES 20 ►@S GRANXEIR@S** |
| ☺ **VENRES 2►@S LABREG@S** |

| MES DE NOVEMBRO |
|---|
| ☺ **VENRES 3 ► @S HORTELAN@S** |
| ☺ **VENRES10 ► @S SEMENTADOR@S** |
| ☺ **VENRES 17► @S COLLEITEIR@S** |
| ☺ **VENRES 24 ► @S AGRÓNOMO@S** |

| MES DE DECEMBRO |
|---|
| ☺ VENRES 1 ► @S SACHADOR@S |
| ☺ VENRES 15 ► @S FROIT@S (E. I.) |

| MES DE XANEIRO |
|---|
| ☺ VENRES 12 ► @S VITAMINAS |
| ☺ VENRES 19 ► @S GRANXEIR@S |
| ☺ VENRES 26 ► @S LABREG@S |

| MES DE FEBREIRO |
|---|
| ☺ VENRES 2 ► @S HORTELAN@S |
| ☺ VENRES 9 ► @S SEMENTADOR@S |
| ☺ VENRES 16 ► @S COLLEITEIR@S |
| ☺ VENRES 23 ► @S AGRÓNOMO@S |

| MES DE MARZO |
|---|
| ☺ VENRES 8 ► @S SACHADOR@S |
| ☺ VENRES 15 ► @S FROIT@S (E. I.) |
| ☺ VENRES 22 ► @S VITAMINAS |

| MES DE ABRIL |
|---|
| ☺ VENRES 5 ► @S GRANXEIR@S |
| ☺ VENRES 12 ► @S LABREG@S |
| ☺ VENRES 19 ► @S HORTELAN@S |
| ☺ VENRES 26 ► @S SEMENTADOR@S |

| MES DE MAIO |
|---|
| ☺ VENRES 3 ► @S COLLEITEIR@S |
| ☺ VENRES 10 ► @S AGRÓNOMO@S |
| ☺ VENRES 24 ► @S SACHADOR@S |
| ☺ VENRES 31 ► @S FROIT@S (E. I.) |

**3.5. *PRODUTOS A SEMENTAR*:**

◌ Ao longo do curso escolar sementaremos diversos produtos coa finalidade de poder ser consumidos no comedor escolar sementando produtos de tempada nos tres trimestres lectivos.

**3.5.1. *Produtos a sementar por trimestres:***

| PRODUTOS DO 1º TRIMESTRE | |
|---|---|
|  | **REPOLO** |
|  | **VERZAS** |
|  | **BRÓCOLI** |
|  | **CABAZA** |
|  | **ESPINACAS** |
|  | **ACELGAS** |
|  | **LEITUGA** |

| PRODUTOS DO 2º TRIMESTRE | |
|---|---|
|  | **PORROS** |
|  | **CHÍCHAROS** |
|  | **XUDÍAS** |
|  | **CENORIAS** |
|  | **LEITUGA** |

| PRODUTOS DO 3º TRIMESTRE | |
|---|---|
|  | **LEITUGA** |
|  | **TOMATE** |
|  | **BRÓCOLI** |
|  | **MELÓN** |
|  | **SANDÍA** |
|  | **PEPINO** |
|  | **AMORODOS** |



● *A **LEITUGA** SEMENTARASE NOS **TRES TRIMESTRES** para autoconsumo no comedor na medida do posible.*

## 3.6. ***IMAXES DE PRODUTOS OBTIDOS CON SEMENTES:***






























Pensamiento


MAIZ
Millo


TRIGO

TAGETE
TAXETE


## 3.7. ***PROCESO DE INCUBACIÓN DE OVOS PARA O NACEMENTO DE POLIÑOS:***

○ *O proceso de incubación* de ovos de galiñas **desenvolverase no terceiro trimestre.**

○ Ata o derradeiro curso o encargado do proceso era o conserxe, que ideou e creou unha incubadora para obter poliños. Neste curso 2023-24 pretendemos que sexan os alumnos os que colaboren con el no proceso, que se desenvolverá do seguinte xeito:

- *Recolleranse os ovos cada día* e gardaranse en sitio fresco coa punta cara abaixo, durante non máis de oito días.
- *Depositaranse na incubadora* situada no taller na bandexa de volteo de maneira horizontal
- *Enchufarase a incubadora* e confirmarase que os valores de incubación sexan de 37,5 grados, tendo ao mesmo tempo unha temperatura de humidade do 60%.
- *Pecharase o suspiro de ventilación*.
- *Todos os días* comprobarase que o estanque central de auga estea cheo.
- *O día 18* de incubación:
    - Sácase o sistema de volteo
    - Ábrese a ventilación
    - Súbese a humidade ao 75%
- *O día 21* escoitase si xa naceron os poliños sen abrir a incubadora.
- *O día 22* do proceso abrimos a incubadora.
- Ao abrir *a incubadora* trasládanse as crías que naceron *a nacedora* que deberá estar a 35 grados, no caso de que algún ovo estea a medias de rachar intentaremos axudar a nacer o poliño.

○ Estableceremos unhas quendas diarias para que todos os grupos participen no proceso.

○ A idea é que neste curso tamén se intente o proceso con ovos de faisán.

► *NA PÁXINA SEGUINTE VAN UNHAS IMAXES DE MOSTRA DO PROCESO DE NACEMENTO DOS POLIÑOS:*

| | |
|---|---|
|  |  |
|  |  |

### 3.8. ***ACTIVIDADES DO NOSO ALUMNADO NA NOSA AULA DA NATUREZA:***

○ As actividades que o alumnado terá que realizar na nosa Aula da Natureza e Invernadoiro serán as seguintes:

- Preparación do horto
- Limpeza de maleza
- Decoración dos espazos da Aula da Natureza e o invernadoiro
- Sementeira e plantación
- Retirada de herbas nas plantacións.
- Recollida de hortalizas e vexetais existentes.
- Alimentación dos animais.
- Limpeza das estancias dos animais.
- Sinalización en lingua galega das hortalizas, froitos e os animais existentes, con carteis ilustrativos dos produtos e as súas características.
- Creación dun Blog da nosa *aula da natureza*.
- Investigación sobre os cultivos: técnicas de plantado, fertilizantes naturais, coidado da horta.
- Recolección de produtos para o consumo no noso comedor escolar.
- Colaborar no proceso de incubación de ovos de galiñas e faisáns.

## 4. Memoria e avaliación do proxecto

○ Durante o desenvolvemento do este Plan en si mesmo e ao final de curso avaliarase continuamente a consecución dos obxectivos que nos propuxemos inicialmente .

○ *Os resultados obtidos plasmaranse na memoria de fin de curso* e servirannos para de base para a formulación e a mellora para os cursos sucesivos.

Esta programación Xeral Anual foi presentada ao **Consello Escolar** o día **24 de Outubro de 2023,** sendo aprobada por unanimidade.

O Director



Asdo.-Carla Cerqueira Oliveira

A Xefa de Estudios



Asdo.- Belén Rivas Araújo

A Secretaria



Asdo.- Amalia Rodríguez González